



# DOCUMENTOS DA XVII ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

- Regulamento.
- Informe do Consello Nacional.
- Carta de principios políticos, ideolóxicos e valores do BNG.
- Relatorio.

# 1 **REGULAMENTO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL DO BNG**

## 2 **DA CONVOCATORIA E COMPOSICIÓN DA ASEMBLEA NACIONAL**

### 3 **Artigo 1**

4 1. O Consello Nacional do BNG, en sesión do día 25 de setembro de 2021, convoca a  
5 organización en Asemblea Nacional, para o debate e aprobación dos relatorios da XVII  
6 Asemblea Nacional e a elección dos órganos de dirección do BNG.

7 2. Nesta sesión do Consello Nacional tamén se aprobará o Regulamento da XVII  
8 Asemblea Nacional, que será enviado ás asembleas comarcais e da emigración para o  
9 seu debate xunto cos relatorios da Asemblea Nacional.

10 3. O plenario da XVII Asemblea Nacional terá lugar o día 7 de novembro de 2021.

### 11 **Artigo 2**

12 Son membros de pleno dereito da Asemblea Nacional todas as persoas afiliadas do BNG  
13 e Galiza Nova dadas de alta até o día 25 de xullo de 2021 e co pagamento das  
14 cotizacións ao día no recibo emitido o 1 de setembro de 2021. A obriga de estar ao día no  
15 pagamento das cotizacións afecta tamén a participación como membro de pleno dereito  
16 no proceso territorial da Asemblea Nacional.

### 17 **Artigo 3**

18 As persoas afiliadas de pleno dereito poderán participar de forma directa nas asembleas  
19 comarcais e na Asemblea Nacional. Os e as militantes sen plenos dereitos poderán  
20 participar sen dereito a voto. As persoas simpatizantes que previamente formalicen a  
21 súa inscrición como convidadas poderán asistir ás sesións da asemblea nacional sen  
22 dereito a voto. As asembleas comarcais serán publicitadas co fin de promover a  
23 participación da base social nacionalista.

### 24 **Artigo 4**

25 1. Entre os días 27 de setembro e 1 de outubro enviarase ás comarcas o censo  
26 provisional de compañeiras e compañeiros con plenos dereitos, que estará a disposición  
27 de toda a militancia nas sedes comarcais entre os días 2 a 9 de outubro. Neste período  
28 poderán presentarse as reclamacións e proceder á actualización de cotas, quer a través  
29 da emisión do correspondente recibo bancario, quer por medio do pagamento efectivo  
30 nas sedes da organización.

31 2. O día 11 de outubro ficará pechado o censo nacional definitivo de persoas afiliadas  
32 con plenos dereitos e estará a disposición de todas as comarcas no día hábil seguinte.  
33 As listaxes deben incluír tamén a militancia de Galiza Nova, conforme o estipulado nos

## REGULAMENTO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

1 artigos 1.2.9. e 1.2.10 das Normas de Funcionamento do BNG. As actualizacións de  
2 cotas deberán ser efectuadas do mesmo modo que para a militancia do BNG.

3 3. Para a participación nas asembleas comarcais será empregado o censo provisional.  
4 As persoas militantes que presentaren reclamación poderán participar con voz e sen  
5 voto en canto esta non for estimada no proceso comarcal e, no caso de ser atendida,  
6 participarán con plenos dereitos no que reste do proceso da Asemblea Nacional.

### 7 **Artigo 5**

8 Os/As militantes poderán realizar achegas extraordinarias de forma voluntaria para  
9 sufragar a XVII Asemblea Nacional o mesmo día da súa realización, ou ben comunicalas  
10 previamente a través das respectivas comarcas.

### 11 **Artigo 6**

12 Establécese un prazo de inscrición para participar na Asemblea Nacional comprendido  
13 entre o 27 de setembro e o 24 de outubro. As e os militantes deberán inscribirse, quer na  
14 súa comarca quer a través de comunicación por vía telemática, e deberán constar no  
15 Censo nacional definitivo de persoas afiliadas de pleno dereito. As persoas  
16 simpatizantes que desexaren participar como convidadas tamén deberán formalizar a  
17 súa inscrición no mesmo prazo na comarca da súa residencia ou por vía telemática.

## 18 **DA ELABORACIÓN, DEBATE E APROBACIÓN DOS RELATORIOS DA ASEMBLEA NACIONAL** 19 **E DO REGULAMENTO.**

### 20 **Artigo 7**

21 O Consello Nacional aprobará, por maioría simple, na sesión do 25 de setembro, ao  
22 tempo da convocatoria da Asemblea Nacional, os relatorios da Asemblea Nacional e o  
23 Regulamento.

### 24 **Artigo 8**

25 1. A proposta de relatorios será enviada ás asembleas comarcais e da emigración para o  
26 seu debate e irá acompañada dos votos particulares, sempre que as persoas interesadas,  
27 membros do Consello Nacional, manifestaren a vontade de os manter.

28 2. Serán considerados votos particulares aquelas propostas alternativas presentadas por  
29 membros do Consello Nacional que disentiren do relatorio aprobado polo órgano, quer no  
30 seu conxunto quer nalgún dos seus apartados. Por tanto, os votos particulares atinxirán  
31 a totalidade do documento ou algún dos seus apartados, e levarán aparellado, excepto se  
32 se propuxer a súa supresión, a presentación dun texto alternativo.

### 33 **Artigo 9**

## REGULAMENTO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

1 1. Fíxanse como período para o debate da proposta de relatorios en asembleas  
2 comarcais do 4 ao 22 de outubro. Os consellos comarcais deberán facer as previsións  
3 oportunas para que o seu desenvolvemento sexa ordenado e áxil, garantindo o debate  
4 das propostas que se presentaren e convocando con antelación o conxunto da militancia  
5 do BNG. Se for preciso, poderá ser convocada máis dunha asemblea comarcal no período  
6 establecido.

7 2. As asembleas comarcais realizarán un debate global, nunha quenda de intervencións,  
8 sobre o Relatorio, que será brevemente exposto pol@ Responsábel Comarcal. A  
9 continuación debaterán o Regulamento, e poderán formular emendas parciais ou á  
10 totalidade dos relatorios da Asemblea Nacional. Tamén tratarán o debate do Informe  
11 político e de xestión do Consello Nacional (ao que se poderán presentar suxestións), e  
12 formularanse, se proceder, propostas para a composición do novo Consello Nacional.

13 3. As emendas deberán ser presentadas por escrito nas sedes comarcais ou  
14 comunicadas por vía telemática con 24 horas de antelación ao inicio da respectiva  
15 asemblea comarcal.

16 4. Para os efectos da súa presentación e debate serán de aplicación os seguintes  
17 criterios:

18 (i) No caso das emendas ao Regulamento non poderán ter carácter retroactivo.  
19 Por tanto o Regulamento, unha vez que sexa aprobado polo Consello Nacional,  
20 será válido e inemendábel naquelas fases da Asemblea Nacional xa consumadas,  
21 e unicamente se poderán formular emendas que atinxan o proceso posterior. Por  
22 tanto, no proceso comarcal poderán ser formuladas aos apartados relativos á  
23 mecánica da propia Asemblea Nacional e ao proceso territorial de renovación de  
24 órganos que completa o proceso asemblear. No caso de ser aprobada algunha  
25 emenda que se axuste aos requisitos expresados, deberá ser debatida e aprobada  
26 a súa ratificación ao comezo da propia sesión da Asemblea Nacional.

27 (ii) No caso das emendas aos relatorios, as propostas de emenda afectarán ás  
28 propostas de tese e/ou de resolución contidas no documento, e poderán ser de  
29 supresión, de acrecentamento ou de substitución (artigo 3.10 das Normas de  
30 Funcionamento). Nestes dous últimos casos suporán a presentación de texto  
31 alternativo global por parte da persoa emendante.

32  
33 5. Nas mesmas datas tamén se promoverá o desenvolvemento de asembleas locais  
34 abertas para difundir e socializar o contido dos relatorios sometidos a debate e contribuír  
35 ao contraste de ideas con todo o corpo social do nacionalismo galego.

## 36 **Artigo 10**

## REGULAMENTO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

1 Para unha emenda pasar a debate á Asemblea Nacional precisará acadar a maioría  
2 simple dos votos das persoas presentes nunha asemblea comarcal, isto é, máis votos a  
3 favor que votos en contra. Para un voto particular de membros do Consello Nacional  
4 pasar a debate á Asemblea Nacional deberá acadar, cando menos, a maioría simple dos  
5 votos nunha asemblea comarcal, isto é, máis votos a favor que en contra. As emendas  
6 que prosperaren nas distintas asembleas comarcais serán distribuídas ao conxunto da  
7 organización por vía telemática con antelación á realización da Asemblea Nacional para  
8 poderen ser estudadas.

### 9 **Artigo 11**

10 As emendas serán ditaminadas no Consello Nacional de 30 de outubro e debatidas na  
11 Asemblea Nacional, con quendas axustadas ao tempo asignado na Orde de Traballos  
12 correspondente.

### 13 **Artigo 12**

14 O Consello Nacional designará as persoas encargadas de defender a proposta de  
15 documento no Pleno.

### 16 **Artigo 13**

17 As persoas emendantes designarán unha persoa portavoz para defender as emendas no  
18 Pleno. En ausencia desta, se ningunha persoa afiliada asumir a súa defensa, entenderase  
19 que a emenda decae.

### 20 **Artigo 14**

21 No debate de cada emenda haberá unha intervención a favor por parte da persoa  
22 portavoz-emendante e outra por parte da defensora do relatorio.

23

### 24 **Artigo 15**

25 Defensoras/es e emendantes poderán chegar a acordos de emendas transaccionais.  
26 Neste caso, será sometida a votación a transacción, que prosperará se acadar máis  
27 votos a favor que votos en contra.

### 28 **Artigo 16**

29 Se unha emenda for aprobada no pleno, o seu texto substituirá o correspondente da  
30 proposta de relatorio. Se todas foren rexeitadas, entenderase aprobado o texto orixinal.  
31 Se se aprobar máis dunha emenda á mesma parte do texto orixinal, prevalecerá aquela  
32 que acade máis votos a favor.

### 33 **Artigo 17**

34 A proposta de relatorio será sometida á decisión final do Pleno, que a aprobará ou  
35 rexeitará no seu conxunto nunha soa votación.

## REGULAMENTO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

### 1 **Artigo 18**

2 A Asemblea aprobará as propostas que acadaren maioría simple, isto é, que tiveren máis  
3 votos a favor que en contra. Todas as votacións relacionadas co proceso de debate dos  
4 relatorios da Asemblea Nacional (emendas, votos particulares e totalidade do texto)  
5 seguirán o establecido para a dinámica da Asemblea Nacional.

### 6 **DO DEBATE DO INFORME POLÍTICO E DE XESTIÓN DO CONSELLO NACIONAL**

### 7 **Artigo 19**

8 1. O Consello Nacional, tras a proposta da Executiva Nacional, aprobará na sesión do 25  
9 de setembro un informe político e de xestión do Consello Nacional saínte, que  
10 abranguerá a actividade desenvolvida por este órgano no período inter-asebleario.

11 2. O informe será debatido nas asembleas comarcais, que poderán formular achegas  
12 (non emendas), e serán recollidas en acta para o seu traslado ao Consello Nacional. Con  
13 base nelas, o Consello Nacional aprobará o informe definitivo na sesión do día 30 de  
14 outubro que, se for aprobado, será distribuído á militancia para o seu debate na  
15 Asemblea Nacional.

16 3. No plenario da Asemblea Nacional será presentado o informe por parte do Consello  
17 Nacional saínte, e será sometido a votación na súa totalidade. A súa aprobación será por  
18 maioría simple dos votos presentes.

19

### 20 **DO PROCESO DE ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN DO BNG**

### 21 **Artigo 20**

22 A Asemblea Nacional elixirá 50 membros para formar parte do Consello Nacional. A  
23 estas persoas sumaranse no seu día os membros elixidos polas respectivas asembleas  
24 comarcais e da emigración, e @s representantes designados por Galiza Nova e polos  
25 partidos e colectivos que conforman a frente, segundo o establecido nos Principios  
26 Organizativos e Normas de Funcionamento do BNG.

### 27 **Artigo 21**

28 A elección será ben por candidatura conxunta ben por listaxes fechadas consonte o  
29 establecido estatutariamente.

30 (i) No caso da candidatura conxunta, o Consello Nacional saínte poderá facer unha  
31 proposta de candidatura para os 50 membros a elixir directamente pola Asemblea  
32 Nacional. Para estes efectos, as asembleas comarcais incluírán un punto na orde  
33 do día relativo a propostas de persoas dentro do ámbito de cada comarca a ter en  
34 conta para a elaboración desta candidatura. As propostas serán remitidas ao  
35 Consello Nacional para que unha comisión deste órgano elabore a proposta de

## REGULAMENTO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

1 candidatura, que será presentada coa sinatura e aceptación de todas as persoas  
2 integrantes, antes das 19 horas do día 3 de novembro perante a Área Nacional de  
3 Organización, que dará traslado á Mesa da Asemblea Nacional.

4 A candidatura conxunta será sometida á votación da Asemblea Nacional, que  
5 resultará aprobada se obtiver máis votos a favor que en contra.

6 (ii) No caso da presentación de candidaturas diferenciadas, serán consideradas  
7 válidas todas as candidaturas que inclúan, como mínimo, 30% dos postos para  
8 cubrir, isto é, 15 persoas candidatas ordenadas, sempre que foren presentadas  
9 antes das 19 horas do día 3 de novembro.

10 A presentación das listas será efectuada perante a Área Nacional de Organización,  
11 acompañada dun escrito asinado por todas as persoas integrantes das candidaturas en  
12 que certifiquen a súa aceptación a formar parte dela. Así mesmo, farase constar a persoa  
13 nomeada para exercer como representante de cada candidatura.

14 A Área Nacional de Organización expedirá certificación acreditativa da presentación da  
15 candidatura á persoa representante designada e dará traslado á Mesa da Asemblea  
16 Nacional das listaxes presentadas.

17 No caso de existiren varias listaxes, a elección será efectuada por votación na Asemblea  
18 Nacional de forma secreta e en urna, e procederase a unha distribución directamente  
19 proporcional aos votos acadados por cada listaxe.

20 En ambos os casos, será establecido un prazo até as 10 horas do día da propia  
21 Asemblea Nacional, 7 de novembro, para que as distintas candidaturas presentadas  
22 poidan comunicar á mesa da Asemblea Nacional alteracións na listaxe presentada ou  
23 proceder á corrección de erros. A Mesa dará a coñecer as diferentes listaxes.

### 24 **Artigo 22**

25 Cando causar baixa unha persoa do Consello Nacional elixida pola Asemblea Nacional, o  
26 seu posto será cuberto coa seguinte da listaxe correspondente.

### 27 **Artigo 23**

28 A Executiva Nacional estará formada consonte o previsto estatutariamente. No caso de  
29 haber unha soa candidatura ao Consello Nacional, a proposta de Executiva ficaría  
30 conformada polas primeiras persoas da candidatura até completar o número de  
31 membros (19) previsto nas Normas de Funcionamento do BNG. No caso de se  
32 presentaren varias listaxes ao Consello Nacional, serán repartidas proporcionalmente ao  
33 apoio obtido polas candidaturas presentadas para o Consello Nacional e seguindo a orde  
34 de cada candidatura.

1 **Artigo 24**

2 Resultará electa Portavoz Nacional a persoa que encabezar a listaxe máis votada para o  
3 Consello Nacional.

4 **Artigo 25**

5 Entre os días 15 e 30 de novembro completárase o proceso de renovación do Consello  
6 Nacional e realizarase a elección de responsábeis portavoces comarcais e membros dos  
7 consellos comarcais de elección directa nas asembleas comarcais. A elección das  
8 persoas responsábeis portavoces comarcais así como das representantes designadas  
9 por Galiza Nova, partidos e colectivos serán comunicadas por escrito.  
10 No mesmo período serán elixidas tamén as responsabilidades e órganos locais. Este  
11 proceso será regulado desde o ámbito comarcal.

12 **Artigo 26**

13 O Consello Nacional electo realizará a sesión constitutiva o día 11 de decembro de 2021.

14 **DO DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA NACIONAL**

15 **Artigo 27**

16 A Asemblea Nacional reunirse en Pleno. Estará presidida polo Consello Nacional, que  
17 designará dúas persoas para exercerem a Secretaría e outras dúas para seren as  
18 moderadoras. Serán funcións dos/as secretarios/as redactaren a acta da Asemblea  
19 Nacional. Será función das persoas moderadoras ordenaren os debates na Asemblea e  
20 velar polo cumprimento do horario e da orde de traballos.

21 **Artigo 28**

22 O Pleno da Asemblea Nacional someterá a votación ao inicio da sesión o Regulamento e  
23 a Orde de Traballos.

24 **Artigo 29**

25 A Mesa do Pleno establecerá os tempos correspondentes a cada intervención en  
26 función do número de palabras solicitadas e do cumprimento do horario e Orde de  
27 Traballos aprobadas pola Asemblea Nacional. A Mesa terá, pois, competencia para  
28 ordenar o desenvolvemento dos debates, ademais de interpretar o presente regulamento.  
29 A competencia do exercicio destas funcións recaerá nas persoas moderadoras  
30 designadas polo Consello Nacional.

31 **Artigo 30**

32 Poderán habilitarse procedementos de votación telemática especificamente para os e as  
33 militantes da asemblea da emigración con plenos dereitos, así como para aquelas  
34 persoas afiliadas de calquera comarca que, por causa xustificada previamente, se



## REGULAMENTO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

1 atoparen desprazadas fóra da Galiza na data da Asemblea Nacional. Para estes/as  
2 militantes, en función das posibilidades técnicas, habilitaranse métodos informáticos  
3 que posibiliten un seguimento da asemblea nacional naquelas sesións que o permitiren.  
4 O Consello Nacional definirá o procedemento específico de inscrición no censo de voto  
5 telemático, e implantará os mecanismos electrónicos que garantiren a seguranza e  
6 autenticidade do voto, que será difundido con antelación entre a militancia.

### 7 **Disposicións adicionais**

8 1ª.- Se a Asemblea Nacional aprobar emendas que modificaren as Normas de  
9 Funcionamento do BNG nalgúns dos apartados que afectaren ao presente Regulamento,  
10 entenderase modificado automaticamente o Regulamento sempre e cando non implicar  
11 unha aplicación retroactiva das devanditas modificacións.

12 2ª.- As modificacións estatutarias que, se for o caso, aprobe a Asemblea Nacional  
13 entrarán en vigor de forma inmediata, polo que serán aplicábeis aos procesos de  
14 elección dos órganos de dirección.

15 3ª.- A Executiva Nacional poderá promover propostas de resolución na Asemblea  
16 Nacional que se axustaren ao marco ideolóxico-político xeral contemplado nos Principios  
17 do BNG e no Relatorio aprobado.

18 4ª.- Unha comisión do Consello Nacional revisará o texto definitivo dos relatorios da  
19 Asemblea Nacional, unha vez incorporadas as modificacións aprobadas, para os pór a  
20 disposición de toda a militancia.

# INFORME DO CONSELLO NACIONAL

*Texto non enmendábel, tendo en conta o carácter descritivo deste documento, así como a súa concepción de “dación de contas do Consello Nacional”. Con todo, pódense formular achegas e suxestións, a trasladar igualmente ao Consello Nacional para a súa valoración.*

A data de convocatoria desta XVII Asemblea Nacional, máis de catro anos despois de realizada a anterior, e superado o prazo establecido nas Normas de Funcionamento do BNG, responde obviamente á situación extraordinaria xerada pola pandemia da COVID-19, que tanto condicionou e condiciona as nosas vidas, mais tamén a actividade política desenvolvida polo BNG nos últimos tempos.

En efecto, o Consello Nacional do BNG considerou como prioridade que a asemblea nacional debería realizarse garantindo o exercicio do dereito do conxunto da militancia a intervir de xeito directo e presencial en todo o proceso, comarcal e nacional. Lembremos que este -a asemblea nacional- é nada menos que o órgano titular da soberanía da organización. Desbotáronse por tanto outras opcións (debate telemático, asemblea por delegad@s) ao entendermos que unha organización de raíz democrática e asemblearia como a nosa necesariamente debería convocar a asemblea no momento en que as circunstancias epidemiolóxicas permitisen a plena participación da militancia nunhas condicións, como mínimo, similares ás anteriores.

Daquela, tendo en conta o amplo período avaliado no presente Informe (marzo 2017 a novembro 2021) resulta materialmente imposible dar conta do intenso traballo político, social e institucional realizado en numerosos ámbitos, tanto a nivel nacional como comarcal ou local. Centrarémonos, pois, telegraficamente, naqueles eixos que consideramos centrais nesta fase.

## 1. PECHE DE CICLO E APERTURA DUNHA NOVA ETAPA. PUXÉMONOS EN PÉ.

Comprometémonos colectivamente na anterior asemblea nacional, nun contexto político absolutamente diferente, a nos erguer como organización, pórnos en pé, e traballar de inmediato para enfrontar os retos que se aveciñaban. E así o fixemos.

Ninguén cuestiona que nos últimos catro anos o nacionalismo galego se sitúa nunha situación política cualitativamente diferente. Tanto polo avance electoral como polas perspectivas de consolidación organizativa e pola propia percepción social, que olla un “BNG á alza”. A referencia nacionalista clara é o BNG, e a súa determinación na aposta coherente pola autoorganización nacional e a defensa da Galiza sen subordinacións nin tutelas externas son xa recoñecidas e valoradas socialmente. Consideramos pois xa

## INFORME DO CONSELLO NACIONAL

rematada unha fase complexa e difícil para o nacionalismo, de case unha década, que foi posíbel superar con moito empeño e en condicións ben adversas coa iniciativa política e de análise, capacidade de mobilización, entrega militante, unidade, cohesión e coherencia que demostrou colectivamente esta extraordinaria organización que é o Bloque Nacionalista Galego.

### 2. EVOLUCIÓN ELECTORAL.

2.1. Municipais 2019. O BNG foi quen de presentar candidaturas en 245 concellos (cun total de 4.023 candidat@s), situándose claramente neses comicios como terceira forza política do país en número de votos, candidaturas presentadas, e número de concelleir@s (456). Do punto de vista cualitativo recupera representación nas sete cidades (mantendo tamén a alcaldía de Pontevedra), gañando 31 alcaldías e formando parte dos gobernos das deputacións da Coruña, Pontevedra e Lugo. Porén, con posterioridade, mocións de censura de edís do PP e PSOE desaloxan o BNG das alcaldías de Catoira, Castrelo de Miño e Viana do Bolo.

2.2.. Europeas 2019. O notábel incremento cuantitativo experimentado neste proceso electoral permite ao BNG mellorar substancialmente condicións e tempo de permanencia no escano do Parlamento europeo, no marco da coalición “Agora Repúblicas”, en que participou o BNG xunto con EH Bildu e ERC.

2.3. Xerais 2019. Na repetición deste proceso, en novembro de 2019, e nunhas circunstancias desfavorábeis, o BNG logra recuperar a representación nacionalista no Congreso. Sen dúbida foi un grande salto, que multiplica as posibilidades de traballo no ámbito institucional, ao tempo que posibilita proxectar a existencia da Galiza como nación cunha dinámica de seu.

2.4. Galegas 2020. Os resultados obtidos foron extraordinarios, mesmo históricos. 311.340 votos (23,8%), traducidos en 19 deputad@s e convertendo o BNG na segunda forza política no país. Resultan especialmente excepcionais, tanto tendo en conta o punto de partida (2016: 6 deputad@s, 118.982 votos e o 8,36%), como o aspecto cualitativo, no que supón de mudanza profunda do escenario político, de avance substancial do nacionalismo galego, e de consolidación do BNG como alternativa clara ao goberno e ás políticas do Partido Popular. Fica tamén patente, do punto de vista político, un mapa político propio e singular, máis galego. A evidencia, tamén neste plano, de que somos unha nación, cunha expresión política diferenciada.

O BNG desenvolveu neste proceso unha magnífica campaña, mesmo tendo en conta limitacións económicas e de recursos, e tamén aquelas de carácter sanitario-legal, que magnificaron aínda en maior medida o papel dos medios de comunicación, mais cun corpo social e militante moi entregado aos labores de campaña. Este foi, por tanto, un

logro colectivo, mais é de xustiza destacar aquí o papel decisivo xogado pola nosa candidata, Ana Pontón, recompensada tamén nunha magnífica valoración social.

### 3. TRABALLO POLÍTICO DO BNG. TÁCTICA E ESTRATEXIA.

Coa orientación marcada polos acordos da pasada asemblea nacional, a dirección política do BNG actuou en dúas vías que, lonxe de seren contraditorias, demostráronse complementarias:

a) Unha aposta soberanista, de crítica ao réxime político constitucional de 1978, á monarquía española e aos privilexios dunha estrutura unitaria do Estado que nos anula como nación. En definitiva, a defensa do dereito da Galiza a decidir libremente o seu futuro, como instrumento político democrático ao servizo da xeración de riqueza, benestar, igualdade e xustiza no noso país.

b) Unha liña de actuación táctica que, sen renunciar ao obxectivo estratéxico da soberanía política e da superación do marco autonómico, demande para o país novos traspasos de competencias en materias que posibiliten unha explicación social pedagóxica da necesidade de instrumentos políticos propios, e ao tempo supoña unha contradición para outras forzas políticas. Un bo exemplo, o caso da transferencia da autoestrada AP-9 á Galiza.

Conxugando estes principios, o BNG presentaba en setembro de 2017 a alternativa das Bases Democráticas, tendo presente as necesidades do noso país, mais tamén o contexto político dun Estado en que o debate sobre os dereitos das nacións que hoxe o compoñen condicionaba a súa dinámica.

A esta liña de actuación respondeu a periódica crítica do BNG ao marco institucional imposto con motivo da celebración oficial do 6 de decembro como día da Constitución española. Mosaico humano na praza do Obradoiro, ou a cadea arredor da San Domingos de Bonaval, entre outras accións, simbolizaron a aposta nacionalista pola soberanía. Mantivemos tamén en pé datas emblemáticas para o nacionalismo, como o 17 de agosto (día da Galiza Mártir), a conmemoración do plebiscito do Estatuto de 1936, o centenario do nacionalismo galego organizado (que culminaría nun acto nacional precisamente en Lugo, en novembro de 2018), os Mártires de Carral, o Día de Rosalía (24 de febreiro), os Mártires de Nebra (12 de outubro), ou a homenaxe nacional a Castelao en Rianxo.

Mais tamén outras actuacións prácticas, de contido máis concreto, e cunha evidente intención pedagóxica, fixeron parte do traballo do BNG. Podemos situar aquí o acordo de investidura no Estado asinado en xaneiro de 2020, que viña certificar a utilidade práctica en defensa dos intereses do país que implicaba a representación do BNG no Congreso. Vontade negociadora e firmeza (caso do voto contrario aos orzamentos do Estado de

## INFORME DO CONSELLO NACIONAL

2021) foron as pautas de actuación do BNG en relación ao goberno do Estado. A demostración práctica de ser o BNG unha forza coas mans libres, sen ataduras, actuando exclusivamente en función dos intereses e dos dereitos do pobo galego.

É máis: este período demostrou tamén como o nacionalismo galego, malia non posuír responsabilidade governamental, é quen de condicionar a axenda política, e mesmo facer mudar as posicións doutras forzas políticas e incluso gobernos. A chave consiste en pór en marcha unha actuación decidida e persistente nos planos político, social e institucional. Só tres exemplos: Meirás, a AP-9, Alcoa e ENCE. Aínda non tendo cumpridos plenamente os obxectivos é importante ter conciencia sobre o potencial propio e sobre a capacidade real do nacionalismo á hora de apostar sen complexos por estas reivindicacións. Cando actuamos, podemos facer historia.

En relación coa AP-9, o BNG combinou o acordo de investidura coa presión social e a mobilización para o seu cumprimento, alén da iniciativa no Parlamento da Galiza para acadar a transferencia da infraestrutura.

Unha estratexia similar foi a que levou, grazas ao BNG, a que neste momento, cando menos declarativamente, ningunha forza política na Galiza cuestione a devolución do patrimonio roubado pola familia Franco. Conxugouse a iniciativa institucional (BNG na deputación da Coruña e nos parlamentos galego e español) coa investigación rigorosa (o volume “Meirás. Un pazo. Un caudillo. Un espolio”, como base xurídica decisiva da acción xudicial), a internacionalización (parlamento europeo), e ao traballo social de mobilización e de impacto (caso das accións emprendidas no Pazo de Meirás, Casa Cornide e estatuas de Abraham e Isaac), que mesmo levaron á asunción das consecuencias penais destas actuacións por parte de numerosos@s compañeir@s do BNG, a comezar pol@s 19 de Meirás ou o investigador Carlos Babío, entre outr@s.

A defensa do comercio de proximidade e do consumo de produtos galegos estivo tamén presente na axenda política do BNG. A destacar especialmente, pola súa intensidade, extensión territorial, implicación da organización e resultados, a campaña levada adiante coincidindo coas festas do nadal de 2020-2021, nunhas circunstancias especialmente desfavorábeis para este sector en plena pandemia, mais que evidenciaron a nosa aposta polo pequeno comercio galego e a produción propia, fronte ás grandes áreas de capital transnacional.

### **4. ACOMPAÑAMENTO E IMPULSO DA DINÁMICA SOCIAL E DA AUTOORGANIZACIÓN. UN POBO VIVO.**

Estes foron anos intensos de loita en defensa do emprego e do futuro produtivo do país. Unha radiografía, por outra parte, da situación devastadora en que deixan o noso país as políticas da Xunta, Goberno español e UE, e da resposta alternativa, en chave galega e

## INFORME DO CONSELLO NACIONAL

popular, dun pobo que non practica a resignación, malia o inxusto tópico que nos impuxeron historicamente.

O BNG estivo presente durante todo este tempo, da man, coas traballadoras e traballadores de Alcoa, Ferroatlántica, Siemens-GAMESA, sector naval (Navantia e auxiliares, Barreras, etc.), Alu Ibérica, sector pesqueiro, ENDESA das Pontes e auxiliares, Thenaisie Provoté de Ogrobe ou Emerxencias 112, entre moitos outros. Tamén nas folgas do metal, do transporte ou da xustiza, do cadro de persoal da CRTVG, ou das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegá en defensa da reindustrialización. E, por suposto, en defensa das pensións, nun pobo como o noso especialmente penalizado.

Participamos nas mobilizacións e apoiamos as xustas reivindicacións d@s emigrantes retornad@s e das vítimas do Alvia. Contra a estafa do sistema bancario e os seus escandalosos privilexios, e fronte a eliminación de sucursais nas áreas máis sensíbeis do territorio. Na defensa do ensino público, galego e de calidade, chamamos tamén ao boicote ás reválidas en 6º de primaria (co 80% de alunado) e de 4º de ESO (96%), e apoiamos as protestas de Erguer contra a LOMCE. Manifestamos -e seguimos a manifestar- á nosa oposición ao intento de instaurar a universidade privada, porque cremos na igualdade de dereitos no acceso ao ensino superior.

Tempos duros tamén para a sanidade pública no noso país. A través de campañas propias, ou do apoio á plataforma SOS-Sanidade Pública e outras de ámbito local ou comarcal, o BNG apostou pola articulación da contestación social ás irresponsábeis e inhumanas políticas do PP nun ámbito tan sensíbel e imprescindible para a nosa sociedade, mais tamén formulou propostas viábeis para o reforzo do sistema sanitario público.

A reivindicación dos dereitos das mulleres foi tamén unha constante deste período, que constatou un salto importante na capacidade de mobilización do movemento feminista e na asunción desta corrente de pensamento por unha parte importante das mulleres (e de xeito moi acusado das mozas) no noso país. Cómpre lembrar, pola súa importancia práctica e simbólica, a vitoria que supuxo evitar o peche do paritorio de Verín, forzando a través da presión social (e feminista) o cambio de postura do Partido Popular e a Xunta de Galiza.

O BNG, como organización feminista, actuou nese marco en ocasións con campañas propias, imaxinativas e de impacto con motivo do 8 de marzo ou o 25 de novembro, cun encontro nacional de mulleres do BNG (Pontevedra) para a reflexión colectiva, co impulso a debates internos para a fixación de posición do conxunto da organización a través de asembleas comarcais e do Consello Nacional (caso dos ventres de alugueiro ou da postura sobre a prostitución). Mais tamén apoiando as folgas de mulleres convocadas

## INFORME DO CONSELLO NACIONAL

pola CIG e o movemento 8-M, así como as datas de conmemoración da visibilidadelésbica.

Porén, tivemos que lamentar neste período máis casos de feminicidios, volvendo á rúa para denunciar a lacra dunha violencia machista que segue a desprezar a vida das mulleres, e demandar que este asunto sexa tratado como auténtica prioridade do punto de vista institucional e orzamentario, e non só declarativo.

A traxedia que supuxo o asasinato de Samuel Luiz, na Coruña, volveu pór o foco público no drama que padece o colectivo LGTBI. O BNG continuou a formular, antes e despois, alternativas e campañas destinadas á visualización deste colectivo e á defensa dos seus dereitos, tamén desde as institucións en que ten representación.

A reivindicación de normalización de usos do idioma galego non tivo, probabelmente, a tensión social e os resultados prácticos que este elemento, central para a existencia da nación, precisa no actual contexto. Máis aínda cun retroceso de usos constatado con datos recentes, consecuencia dunha historia de negación do noso país, e agravado con políticas lingüísticas que pretenden unha maior minorización. Con todo, cabe sinalar a existencia dun sector significativo da nosa sociedade que aposta pola lingua, activado en campañas concretas como foi o caso da “iniciativa Xabarín” para a programación infantil e xuvenil en galego, o traballo das escolas de ensino en galego, ou as exitosas mobilizacións convocadas pola Plataforma Queremos Galego con motivo do Día das Letras Galegas, entre outras iniciativas, entre as que tamén cabe destacar a campaña de corrección directa, levada a cabo pola nosa militancia, da toponimia galega deturpada nos sinais de numerosas estradas.

Agresións ao territorio e espolio colonial son, no caso galego, dúas caras da mesma moeda. O BNG fixou como unha das súas prioridades no seu traballo político e social enfrontar o espolio enerxético do noso país, que se traduce tanto nos efectos devastadores de proxectos eólicos no mar ou na terra, ou no impacto dos encoros (pola súa construción no seu día, ou polo seu súbito baleirado na actualidade), como pola brutal suba da luz que padecen singularmente as clases populares dun país que paradoxalmente é potencia produtora, e que tamén afecta, e gravemente, á estrutura industrial do noso país, especialmente a electrointensiva.

Valoramos positivamente as campañas emprendidas para lle facer fronte a este agravio co país, e en demanda de alternativas como a da tarifa eléctrica galega. Análise en Muras (en dúas xornadas de estudo e debate) sobre esta situación, recollida masiva de sinaturas en toda a nación, reivindicación dunha empresa pública galega de enerxía, accións simbólicas do BNG en nove encoros, e iniciativas de diverso tipo, son mostra dun traballo decidido que, sabemos, gozou da simpatía dunha parte moi importante da sociedade galega.

## INFORME DO CONSELLO NACIONAL

Resulta indignante a persistencia do PP á hora de entender o territorio galego unicamente como espazo físico ao servizo da obtención de beneficios por parte de determinados grupos empresariais (sexa ENCE ou o oligopolio eléctrico de capital foráneo), con independencia dos custos económicos, sociais e ambientais que xeran esas actividades. A este criterio responderon novas leis (as denominadas “de depredación”, ou a de “recuperación de terra agraria”), destinadas a favorecer a plena eucaliptización do país e facilitar o seu espolio por parte de determinados (e “amigos” grupos empresariais). Aínda así, celebramos a vitoria popular á oposición da mina de Touro-O Pino, após grandes mobilizacións sociais.

Mención especial merece a histórica e denodada loita social e política contra a permanencia de ENCE na ría de Pontevedra. A teimosía do goberno municipal do BNG, vencendo presións, coaccións e ameazas de todo tipo e o acompañamento popular nesa xusta reivindicación, foron quen de situaren, por fin, un horizonte razoábel que albisca o fin desta industria de enclave nese emprazamento. Nova vitoria do nacionalismo galego, que botou décadas en solitario na defensa desta demanda, imprescindible para un outro modelo de desenvolvemento alternativo.

Ligado ao anterior, figura a resposta social promovida polo BNG fronte á vaga de lumes forestais de 2017 e ás súas trágicas consecuencias, e á reclamación dun monte galego con futuro. Estas son só algunhas das consecuencias vinculadas á crise ambiental e á emerxencia climática que fixeron desenvolver, por parte da nosa organización, unha Estratexia Ambiental propia.

O avance político e social do BNG vai parello á conquista de novos espazos por parte do nacionalismo nesta fase que estamos a describir. Así, celebramos que o sindicalismo nacionalista referente para nós, a CIG, se convertese tamén en canto a representatividade oficial, na primeira central do noso país. Ou que o esforzo levado para o nacemento dun xornal en galego de base popular, culminase coa feliz aparición de Nós Diario. Na mesma liña debemos saudar a aparición de Vía Galega como iniciativa social en defensa do dereito a decidir, cunha mobilización en defensa dos dereitos nacionais (18 de abril deste mesmo ano) realmente exitosa.

### 5. A PANDEMIA DA COVID-19.

É evidente que na actividade xeral desenvolvida polo conxunto da nosa organización, a irrupción da pandemia da COVID-19 implicou unha adaptación obrigada ás circunstancias excepcionais derivadas da situación epidemiolóxica (marzo de 2020 até a actualidade), que á súa vez condicionou boa parte do debate político e da dinámica social.



## INFORME DO CONSELLO NACIONAL

En canto á crise desatada, desde o primeiro momento o BNG formulou propostas fundamentadas, realistas e non hipotecadas a intereses da industria farmacéutica ou dos lobbies económicos. A prioridade para o BNG foi en todo momento a saúde e a vida das galegas e dos galegos. Así, xa desde o inicio da pandemia, o BNG defendeu responsabelmente alternativas para a contención do virus no noso país (“blindar Galiza”), de métodos de rastrexo e control, de actuación sobre residencias de maiores e servizos sociais, de reforzo do sistema sanitario público, sobre o proceso de vacinación, de protección ás traballadoras e traballadores afectados pola crise, e de apoio á estrutura económica e produtiva do país (industria, agro, pesca, comercio de proximidade, hostalaría, etc.), e á industria cultural. Todas as alternativas ligadas á necesidade de a Galiza posuír capacidade de intervención política, en función da nosa evidente singularidade.

Mais tamén a actuación pública e a vida interna do BNG resultaron loxicamente afectadas pola pandemia. Optamos, por responsabilidade, pola supresión das edicións do Festigal de 2020 e 2021 ou pola convocatoria de xeito descentralizado (en sete localizacións diferentes) o Día da Patria Galego de 2020. A nosa actuación na rúa e na sociedade resultaron tamén afectadas. Temos que confesar que nos vimos obrigad@s a “aprender” a nos organizar e xuntar de xeito telemático. Desde o Consello Nacional até as asembleas locais. Mais o importante é que continuamos a facer o noso traballo, con novos métodos, con imaxinación, e o máis importante, coa determinación de que o noso país precisaba, tamén neses momentos, dun BNG vivo, activo e con iniciativa.

Os Fondos “*Next Generation*” tamén recibiron atención do BNG. Fronte á ostentividade pomposa do poder político, ás hipotecas do poder económico, e á condicionalidade da UE, o BNG elaborou a súa propia alternativa, ligada ás perentorias necesidades sociais, ás nosas aspiración políticas colectivas, e ao futuro do país.

### 6. A ORGANIZACIÓN. O ÁMBITO INTERNO.

O Consello Nacional reunido en xuño de 2019 acordou emprender unha campaña nacional de afiliación co obxectivo de incrementar a nosa militancia en 500 nov@s compañeir@s. A realidade superou esta aspiración, e o número acadado foi o de 1.022 nov@s militantes. Mais se tomamos como referencia todo o período comprendido entre a XVI e XVII asembleas nacionais, debemos saudar ás aproximadamente 1.420 incorporacións como militantes a esta organización, o que supón, tamén do punto de vista xeracional, unha importante renovación do noso corpo organizado. Un dato moi importante que reflicte o notábel reforzo cuantitativo do BNG experimentado.

Mais tamén, autocriticamente, teñen sinalado os órganos de dirección as dificultades para implicar activamente todo este continxente humano no traballo político e social do

## INFORME DO CONSELLO NACIONAL

día a día, así como o funcionamento desigual dos grupos de traballo nacional, dependentes do Consello Nacional.

No ámbito orgánico nacional, neste período inter-sembleario realizáronse 29 reunións do Consello Nacional e 176 da Executiva Nacional. Os órganos de dirección mantiveron, por tanto, unha dinámica normalizada de funcionamento (quer presencial, quer telemática como consecuencia da pandemia), así como os comarcais, aínda constatando desigualdades no territorio, vinculadas basicamente ás áreas con maior debilidade organizativa, en xeral coincidentes coas máis deprimidas do punto de vista demográfico e socioeconómico. Desigual ten sido, tamén, o funcionamento político e organizativo nas comarcas, téndose constatado durante esta fase unha evidente necesidade de mellora en algunhas delas.

Co acordo da creación da comarca das Mariñas neste período (2017) o mapa organizativo do BNG fica conformado por 25 comarcas e pola asemblea da emigración. Acrecentouse tamén a ligazón coa comarca do Bierzo, tanto do punto de vista da actuación política e institucional, como na relación asociativa.

No ámbito da política municipal realizáronse diversas reunións de coordinación entre os gobernos municipais do BNG, co fin de homoxeneizar posicións e políticas en diversas temáticas, alén de encontros nacionais dirixidos ao conxunto da representación institucional do BNG nos concellos, quer no goberno, quer na oposición.

A Fundación Galiza Sempre experimentou, aínda nas condicións descritas, un importante impulso, con traballos de formación entre a militancia, investigación, publicacións ou debates (caso do ciclo “Diálogos desde a periferia”) que se valora de xeito moi positivo.

Cómpre tamén destacar o inicio do proceso de mellora da base nacional de datos do BNG (co obxectivo de aumentar a súa operatividade e seguranza) que verá a luz proximamente, así como a aprobación do novo convenio colectivo para traballadoras e traballadores do BNG, ou a actualización do logotipo e imaxe gráfica do BNG, consecuencia neste último caso, dun acordo expreso da anterior asemblea nacional.

Do punto de vista financeiro, podemos concluír que a importante débeda bancaria procedente de etapas anteriores foi superada, e ficará definitivamente saldada no 2022. Este éxito do conxunto da organización ten a ver, precisamente, cun novo esquema de traballo político fundamentado na militancia, e cun empeño e compromiso colectivos, que resultaron absolutamente decisivos para a consecución deste logro.

## 7. SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL.

O BNG procurou conciliar unha práctica internacionalista e antiimperialista coa vontade de proxección internacional da Galiza como nación no mundo. Fixemos así patente a

## INFORME DO CONSELLO NACIONAL

solidariedade do BNG co proceso independentista catalán, mesmo a través de mobilizacións (co apoio á Plataforma Galiza con Catalunya) de apoio ao referendo ou de rexeitamento da represión desatada polo Estado contra o pobo catalán, o seu goberno e dirixentes soberanistas. Na mesma liña, a defensa dos principios inalienábeis de soberanía dos pobos levounos a manter tamén o facho aberto do apoio á liberdade da Palestina, o pobo saharauí, o Curdistán, Cuba ou Venezuela, e de resposta ás accións imperialistas sobre Siria ou Afganistán.

No espazo peninsular, intensificamos as relacións cos movementos nacionalistas vasco e catalán, que cristalizaron na Declaración da Llotja de Mar (2019), que alén do seu carácter simbólico e político ten a súa expresión práctica en diversas actuacións comúns posteriores, singularmente no Congreso. E tamén co pobo irmán de Portugal, en que PCP e Bloco de Esquerda foron interlocutores políticos básicos, ademais das alianzas transfronteirizas entre concellos galegos e portugueses do Miño.

### 8. SÍNTESE E CONCLUSIÓN.

Eis o resumo, incompleto, dunha parte do inxente traballo desenvolvido no período 2017-2021. Con erros e con acertos, coa conciencia plena de que temos moito que corrixir e mellorar colectivamente, mais tamén coa certeza de nos poder sentir orgullosas e orgullosos do labor realizado e dos resultados acadados. De manter viva e actuante a organización nacionalista. De resistir para avanzar, con humildade, integridade e coherencia. Nada disto sería posíbel sen o concurso e a determinación dos milleiros de mulleres e homes que conformamos o BNG. Somos un proxecto político, mais tamén unha comunidade humana que debemos coidar. Vaia por tanto a nosa lembranza para as compañeiras e compañeiros que nos deixaron neste período. Non é o momento de nomearmos todas e todos. Simbolizamos nun deles, Bautista Álvarez, o noso recoñecemento póstumo ao conxunto de militantes falecidos nestes últimos anos que seguirán, por sempre, vivas e vivos na nosa memoria.

# CARTA DE PRINCIPIOS POLÍTICOS, IDEOLÓXICOS E VALORES DO BNG

*(aprobada pola XVI Asemblea Nacional do BNG, 25-26 de marzo de 2017)*

*Texto non enmendábel: Acordouse inserilo no Relatorio para coñecemento da militancia, tendo en conta a súa vixencia.*

Galiza é unha nación e, por tanto, ten dereito á autodeterminación para decidir por si propia, de forma libre e soberana, o seu futuro.

O nacionalismo galego é a resposta democrática do noso pobo ante unha situación de dependencia económica, de opresión cultural e política da Galiza que imposibilita o progreso e benestar da sociedade galega.

O BNG é unha organización nacionalista porque defende a Soberanía Nacional e a liberdade da nación galega para se constituír nun Estado soberano, democrático, laico e republicano, a República da Galiza.

O BNG defínese como unha forza política de defensa do país que fai parte dun amplo movemento socio-político de liberación nacional que abranxe diferentes realidades para alén da expresión política.

O BNG asume como valor esencial a defensa dos dereitos humanos e, nesa medida, loita activamente contra todo tipo de discriminación pola razón que for: de orixe ou étnica, de lingua, de relixión, de orientación sexual ou identidade de xénero, de diversidade funcional ou doenza ou calquera outra.

O BNG é unha forza pacifista e antimilitarista pois entende como prioridade a defensa da Paz mundial, o desarmamento e a disolución dos bloques militares agresivos e avoga pola resolución pacífica e xusta dos conflitos internacionais.

O BNG defende o laicismo e, nesa medida, entende que as administracións deben ser neutrais e manterse á marxe de calquera pronunciamento ou actividade relixiosa como maneira de garantir plenamente a liberdade de crenza de toda a poboación.

O BNG considera prioridade garantir dereitos esenciais como a saúde, a educación, a cultura, a vivenda e o traballo para toda a poboación de modo a asegurar unha vida digna para todas as galegas e galegos.

## CARTA DE PRINCIPIOS POLÍTICOS, IDEOLÓXICOS E VALORES DO BNG

O BNG practica un nacionalismo popular, que defende prioritariamente os intereses dos traballadores e das traballadoras e do conxunto das clases populares galegas. En todo o caso, o BNG dirixe as súas políticas á maioría social do noso País e defende os intereses do pobo galego e da Galiza como nación.

O BNG encarna un nacionalismo transformador, que traballa para mellorar as condicións de vida das galegas e dos galegos e para conseguir unha sociedade nova, realmente democrática, sen discriminacións de xénero, con liberdade e xustiza social.

O BNG asume que para o desenvolvemento da Galiza como nación é preciso que o pobo galego se articule en organizacións políticas e sociais propias. Por tanto, o BNG promovera de maneira activa a autoorganización do pobo galego en todos os ámbitos como forma de avanzar no proceso de autodeterminación.

O BNG defende políticas sociais que visan acabar con calquera forma de explotación do ser humano e coas desigualdades sociais e económicas. Nesa liña, defendemos un modelo social avanzado, que garanta o control público dos nosos recursos e sectores estratéxicos da economía, que respecte os dereitos laborais e impulse un desenvolvemento socio-económico non dependente, sustentábel e xusto, capaz de promover o benestar de todo o pobo.

O BNG defende e promove a plena normalización social da nosa lingua e o dereito a vivirmos en galego e a desenvolvermos a nosa cultura en beneficio da cohesión social, do enriquecemento do noso acervo cultural e do noso desenvolvemento material.

O BNG é unha organización democrática e participativa que defende a necesidade de avanzar en dereitos individuais e colectivos e de camiñar para unha democracia real baseada na participación directa de toda a poboación na tomada de decisións.

O BNG asume o feminismo como ferramenta imprescindible para a superación do heteropatriarcado e o combate de todas as formas de violencia (social, política, económica, de estado, psicolóxica, física, etc), explotación e discriminación que se exerce contra as mulleres, trans e persoas non heterosexuais. Esta perspectiva inscríbese de forma transversal en todos os obxectivos políticos e programáticos, así como en toda a acción política do BNG.

O BNG asume como propia a defensa dos dereitos e liberdades das persoas lesbianas, gais, trans, bisexuais e intersexuais (LGTBI).

O BNG é unha forza activamente comprometida coa defensa do ambiente e do territorio e defende políticas acordes co principio de sustentabilidade, para a salvagarda do planeta, o respecto do medio e pola erradicación do maltrato animal.

## CARTA DE PRINCIPIOS POLÍTICOS, IDEOLÓXICOS E VALORES DO BNG

O BNG é unha forza patriótica e, ao mesmo tempo, internacionalista, que defende o dereito de todos os pobos do mundo a seren libres e a decidiren de forma soberana e séntese plenamente solidario con todas as nacións que loitan pola liberdade.

O BNG é unha forza antiimperialista pois rexeita a dominación dunhas nacións sobre outras, combate todas as formas de opresión, oponse a calquera clase de inxerencia ou intervención política ou militar de carácter imperialista e avoga por relacións internacionais de cooperación.

# 1 RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

## 2 TESE POLÍTICA

### 3 1. INTRODUCCIÓN

#### 4 1.1. O BNG ante os retos dun novo ciclo político

5 Hai unha década o Bloque Nacionalista Galego iniciaba un ciclo político moi complexo,  
6 que encaramos con determinación. O tempo demostrou que as principais liñas políticas  
7 marcadas colectivamente nas últimas asembleas nacionais foron atinadas:

- 8 • O mantemento do BNG como organización política ao entender a  
9 autoorganización como un principio esencial para a existencia dunha forza  
10 política de obediencia exclusivamente galega, netamente nacionalista e ao servizo  
11 das clases populares do noso país.
- 12 • A reafirmación e actualización dos principios políticos que hai catro décadas  
13 inspiraron o nacemento do BNG e que continúan a estar plenamente vixentes, ao  
14 tempo que se fixo unha aposta por unha revisión e posta ao día das nosas  
15 análises e funcionamento a través de propostas novidasas como foron o Proceso  
16 Adiante e a Estratexia Avanza Galiza, que se concretaron na última Asemblea  
17 Nacional e que permitiron debater e actualizar o noso ideario e práctica política.
- 18 • Unha aposta clara e decidida polo reforzo da organización baixo a convicción de  
19 que non hai avance posíbel para o nacionalismo na Galiza que non estea  
20 cimentado nunha base organizativa sólida, unha boa implantación no territorio,  
21 unha militancia activa socialmente e unha política institucional ben orientada.
- 22 • Unha correcta conxunción entre táctica política e liña estratéxica da organización,  
23 sen caer no pragmatismo curtopracista nin no ideoloxismo estéril.

24 Con esta XVII Asemblea Nacional iniciamos un novo ciclo político en que temos como  
25 gran reto colectivo seguir apuntalando as correccións positivas implementadas e  
26 agrandar a base social e electoral do nacionalismo.

### 27 2. CONTEXTO POLÍTICO

#### 28 2.1. Un mundo en transición

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 2.1.1 Agudización das contradicións do capitalismo e maior visualización das  
2 consecuencias da globalización neoliberal

3 Nun contexto de crise sanitaria, económica, climática e enerxética como a que estamos  
4 a vivir a nivel mundial, son máis visíbeis as contradicións, limitacións e consecuencias  
5 da globalización neoliberal:

6 1) Concentración de capital sen precedentes que provoca prácticas oligopólicas en  
7 practicamente todos os sectores de actividade;

8 2) Crises económicas sistémicas recorrentes;

9 3) Incremento das diferenzas centro-periferia e tamén, seguindo esa mesma lóxica,  
10 no interior dos estados centrais do sistema;

11 4) Prevalencia da economía sobre a política e da economía financeira e especulativa  
12 sobre a economía produtiva;

13 5) Aumento da explotación, precariedade laboral e retroceso no exercicio de dereitos  
14 e conquistas sociais de décadas pasadas;

15 6) Falta, en grandes áreas do planeta, de acceso a alimentos, auga potábel, servizos  
16 sanitarios e educativos básicos que limitan enormemente a expectativa e calidade  
17 de vida;

18 7) Fortes desregulacións que garanten a libre circulación de capitais;

19 8) Migracións masivas provocadas pola fame, as guerras e o imperialismo e  
20 restricións da migración nos países do centro do sistema;

21 9) Un modelo de desenvolvemento depredador de recursos, insustentábel en termos  
22 ambientais e sociais;

23 10) Debilitamento e degradación da democracia mediante o afastamento dos poderes  
24 de decisión da poboación e recorte de dereitos e liberdades básicas;

25 11) Uniformación cultural, imposición dun pensamento único e criminalización do/a  
26 discrepante;

27 12) Implementación de novas formas de militarismo e de dominación por parte do  
28 imperialismo;



1 13) Melloras tecnolóxicas que non redundaron na mellora substancial das condicións  
2 laborais da clase traballadora nin das condicións materiais de vida das maiorías  
3 sociais do planeta.

#### 4 **2.1.2. Cara á un mundo menos unipolar e máis multicéntrico**

5 Atopámonos nunha fase de transición entre unha etapa histórica caracterizada polo  
6 dominio mundial a nivel económico, militar e ideolóxico dos EUA e unha fase menos  
7 unipolar e máis multicéntrica onde potencias coma a China ou Rusia comezan a xogar un  
8 rol xeopolítico diferente ao que viñan ocupando nas últimas décadas.

9 O panorama económico mundial vai mudar substancialmente na vindeira década. Uns  
10 EUA en relativo declive e unha China en permanente ascenso agoiran unha viraxe da  
11 economía mundial cara ao leste coa consolidación como superpotencias da China, India  
12 e Rusia, un importantísimo medre do sueste asiático, Turquía ou Exipto ao tempo que  
13 seguirá a ser moi relevante o peso de actuais potencias rexionais como Xapón ou Corea  
14 do Sur.

15 Nun contexto tan cambiante a nivel internacional como o actual, a UE permanece  
16 estática, sen perfil propio e cunha política seguidista dos EUA que a levou mesmo a  
17 manter posicións que, obxectivamente, van en contra dos seus propios intereses, pondo  
18 de relevo, máis unha vez, que a UE nunca foi un contrapeso real aos EUA senón o  
19 capítulo continental do atlantismo norteamericano.

20 Desde o punto de vista do nacionalismo galego todo o que debilite o imperialismo e  
21 camiñe cara á unha co-gobernanza mundial máis plural, diversa e respectuosa co dereito  
22 de autodeterminación dos pobos, será bo para a humanidade. Nesa dirección resulta  
23 chave reforzar as alianzas alternativas de carácter internacionalista e antiimperialista.

#### 24 **2.1.3. Unha nova revolución industrial**

25 Asistimos ao comezo dunha revolución tecnolóxica de carácter mundial que terá un  
26 impacto en termos económicos, produtivos, laborais, sociais e culturais só comparábel  
27 ao da primeira revolución industrial. Tan errado sería que o nacionalismo galego  
28 adoptase unha posición negacionista da importancia que poden ter para a humanidade  
29 determinados avances tecnolóxicos, como pensar que pode existir unha revolución  
30 tecnolóxica ao servizo das maiorías sociais e a democracia tendo en conta que eses  
31 avances responden aos intereses dos oligopolios que os xeran.

32 Esta, como anteriores revolucións industriais, terá un forte alcance en todas as esferas  
33 da vida e agrandarará a fenda entre os estados máis desenvolvidos do planeta e o resto.  
34 Pode implicar importantes avances en ámbitos como o sanitario, as comunicacións, a  
35 esfera militar ou a mecanización de tarefas que consigan mellorar a produtividade global.

1 Porén, é previsíbel que isto non implique a mellora substancial das condicións de vida da  
2 clase traballadora (xornadas máis curtas, mellores salarios, etc.), senón unha maior taxa  
3 de beneficio empresarial e que provoque incrementos no desemprego e ocupacións  
4 tradicionais que, inicialmente, non se verán compensadas coa aparición de novos tipos  
5 de empregos.

6 Esta revolución tecnolóxica suporá tamén un forte desafío ético e político. Determinados  
7 usos perniciosos e nesgados da Intelixencia Artificial, novas formas de guerra dixital e  
8 asedio de países, control da clase traballadora e dos movementos populares ou os riscos  
9 psicosociais e de relacionamento humano, son só algúns deles. Nunca o poder tivo tanta  
10 información da poboación (saúde física e mental, situación económica, pautas de  
11 consumo, preferencias sexuais, credo relixioso, trazos de personalidade, afeccións, etc.).  
12 Os riscos inherentes a tal invasión da intimidade e a posuír tanta información de alguén  
13 son evidentes e facilitan un tipo de dominio sobre a poboación moi efectivo: “voluntario”  
14 e do que a maioría non chega a ser plenamente consciente.

### 15 **2.2. Os perigos desta fase de transición**

#### 16 **2.2.1. A extrema dereita e o fascismo**

17 O BNG, como organización antifascista que é, asiste con máxima preocupación ao auxe  
18 da extrema dereita e o neofascismo nos últimos anos a nivel mundial. Trátase dun  
19 fenómeno que debemos seguir a combater con rotundidade, social e institucionalmente,  
20 por supor un grave perigo para as sociedades democráticas, a convivencia e a paz dos  
21 pobos, así como dunha reacción antifeminista, LGBTfóbica e xenófoba primarias que  
22 provocan agresións e asasinatos.

23 O auxe da extrema dereita e o neofascismo non responde só a unha causa senón que é  
24 produto de diferentes factores como o desgaste da socialdemocracia e as opcións  
25 reformistas, o agravamento da situación económica, laboral e social, ou a corrupción e o  
26 desprestixio da política tradicional.

27 Estes movementos ultraconservadores e fascistas non son un feito illado; forman parte  
28 dunha alianza estratéxica cunha axenda reaccionaria coordinada a nivel mundial e  
29 baseada en liñas comúns de discurso.

#### 30 **2.2.2. A reestruturación do imperialismo**

31 Os que ven perder a súa hexemonía mundial non van renunciar a ela -e aos privilexios e  
32 posición de dominio que supón- de xeito resignado, senón que darán a batalla por  
33 conservalos, cando menos, o maior tempo posíbel.

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 Nesta fase de transición os EUA tentarán reforzar a súas alianzas coa UE e o Reino  
2 Unido e impulsar novos modelos de tratados comerciais en distintas áreas do mundo  
3 cos que contrarrestar a crecente influencia mundial da China.

4 Así mesmo, tentará seguir instrumentalizando a OTAN co obxectivo de “conter” o avance  
5 da influencia da Rusia e China ao tempo que endurecerán os seus ataques contra os  
6 movementos populares e antiimperialistas de América Latina (especialmente nos casos  
7 de Cuba, Venezuela, Bolivia e Perú) e con países de África e Oriente Medio como Siria,  
8 Irán ou Afganistán. Todo isto mediante mecanismos cada vez máis sofisticados de  
9 asedio, bloqueo e manipulación da opinión pública.

### 10 **2.3. Un contexto de dificultades e oportunidades**

11 Vivimos nun contexto a nivel mundial cheo de mudanzas e dificultades obxectivas para o  
12 que representa unha alternativa política nacionalista e antiimperialista como a nosa.  
13 Porén, tamén existen oportunidades, tanto no ámbito nacional como no social, que  
14 debemos tentar aproveitar.

15 A pandemia da Covid-19 puxo de relevo a fragilidade das nosas sociedades e a  
16 incapacidade do neoliberalismo para lles dar solucións aos grandes problemas da  
17 humanidade. Nese sentido, a xestión desta pandemia permite que sexan máis visíbeis  
18 para unha parte importante da poboación cuestións que o nacionalismo galego leva  
19 décadas denunciando:

20 1) A incapacidade do mercado para prestar debidamente servizos públicos tan  
21 esenciais como o sanitario ou a investigación.

22 2) As consecuencias prácticas da privatización e precarización de servizos públicos.

23 3) Como o mantra da non intervención pública na economía e a austeridade tiveron  
24 que ficar relegadas, temporalmente, como única vía posíbel para non agrandar  
25 aínda máis a fenda provocada pola pandemia.

26 4) Nos momentos críticos só é o pobo quen salva o pobo. Foron traballadoras e  
27 traballadores (sanitarias, investigadoras, coidadoras, transportistas, caixeiros,  
28 etc.) e non as grandes corporacións, bancos ou organismos internacionais quen  
29 salvaron a situación.

30 5) As consecuencias prácticas da deslocalización industrial, a excesiva  
31 terciarización da economía e falta de soberanía alimentaria.

32 6) Priorización do lucro privado sobre a saúde pública.

1 7) Tardanza e ineficiencia da UE a respecto da xestión sanitaria da pandemia e un  
2 modelo de axudas á reconstrución que non vai ir ás persoas máis afectadas pola  
3 crise nin aos sectores económicos máis damnificados nin con maior capacidade  
4 de creación de emprego e dinamización da economía.

5 Nese sentido, hoxe son socialmente máis entendíbeis e críbeis algunhas das nosas  
6 propostas como a necesidade de gobernarnos nós a nós mesmas, a creación dunha  
7 banca pública, a soberanía alimentar, a reindustrialización do país, o reforzo dos servizos  
8 públicos, o cuestionamento e a revisión do papel de organismos supraestatais como a  
9 UE, o OMS ou a ONU, etc.

10 Por outra banda, hoxe resulta máis claro que o movemento que en maior medida está a  
11 pór en xaque no mundo o status quo marcado pola globalización neoliberal é o  
12 nacionalismo, tanto o de movementos soberanistas de nacións sen estado como a loita  
13 pola soberanía real de nacións con estado que ven ameazada a súa integridade e  
14 capacidade de decisión polo imperialismo.

15 En Europa asistimos a procesos de máximo interese como a presión popular por un  
16 segundo referendo de autodeterminación en Escocia, o procés independentista catalán, o  
17 avance social na demanda do proceso de unificación de Irlanda, o significativo avance do  
18 nacionalismo en Gales ou as experiencias de gobernos nacionalistas en Córsega ou  
19 Grenlandia. Así mesmo, noutras partes do mundo, intensificáronse conflitos nacionais xa  
20 enquistados desde hai décadas como o do pobo saharauí, palestino ou kurdo para os  
21 que cada vez máis persoas e estados demandan solucións pacíficas, democráticas e  
22 respectuosas co dereito de autodeterminación deses pobos.

23 A resistencia e non dobregamento de países que, como Cuba ou Venezuela, a pesar de  
24 contar con estado ven permanentemente ameazada a súa soberanía ou as fortes  
25 derrotas do imperialismo en Siria, Irán ou Afganistán e a calamitosa situación en que  
26 ficaron países como Libia ou Irak tras as intervencións militares imperialistas, amosan a  
27 crueldade do imperialismo mais tamén a capacidade de resistencia dos pobos que loitan  
28 pola súa soberanía. Nese sentido, resulta igualmente esperanzador o avance dunha  
29 esquerda en América Latina que ten como mínimo común denominador a defensa ao  
30 dereito de autodeterminación e a poder vivir en paz, sen inxerencia nin explotación  
31 colonial dos seus recursos e respecto a súa diversidade cultural e lingüística.

### 32 **2.4. O papel da Unión Europea**

33 Nos últimos anos a UE aínda afondou máis no seu papel de instrumento do gran capital,  
34 negador dos dereitos dos pobos e responsábel das políticas neoliberais aplicadas polos  
35 estados membros. Iso puido verse claramente na súa xestión da pandemia coa ausencia  
36 de políticas que impedisen que fose o gran capital o fornecedor de material para

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 combater a Covid-19, e sobre todo, coa xestión da investigación e produción das vacinas,  
2 destinando inxentes recursos públicos ás multinacionais e negándose a diversificar a  
3 súa adquisición, o que certamente provocou un número non cuantificado de mortes que  
4 podían terse evitado de poñerse en primeiro lugar a defensa da vida das persoas e non os  
5 intereses xeopolíticos.

6 A pandemia e a suposta necesidade dun poder de decisión único, forte e eficaz, están a  
7 ser usados para acelerar o proceso de centralización das decisións isto é, de reforzo dos  
8 centros de decisión política comunitaria, paralizado oficialmente mentres non se dese  
9 unha saída definitiva ao Brexit, mais que se decidiu relanzar coa presentación da  
10 Conferencia sobre o futuro de Europa, con novas decisións como a ampliación da  
11 capacidade de actuación da Frontex, a posíbel creación dun exército europeo, a emisión  
12 de débeda conxunta, a creación de diversos impostos da UE (taxa Tobin, taxa Google,  
13 plástico) e mesmo da Fiscalía europea ou de listaxes europeas ao Parlamento Europeo.

14 A Unión Europea, despois do fracaso acontecido co Tratado de Lisboa, non vai volver  
15 someter á consulta da poboación elementos determinantes do seu plan de integración,  
16 senón que a folla de ruta é actuar pola vía dos feitos consumados, aproveitando como  
17 neste caso a crise orixinada pola Covid-19.

18 Paso a paso van afondando en mecanismos supraestatais, sen consultas nin votacións  
19 da poboación dos estados membros. Esta centralización acompáñase dun  
20 perfeccionamento da comunicación e a propaganda. Coidáronse moito de que non sexa  
21 de dominio público que os Fondos Next Generation teñan contrapartidas e as reformas  
22 estruturais, que suporán máis recortes, serán de obrigado cumprimento por parte dos  
23 estados, co que buscan recuperar o prestixio danado na crise anterior e rebaixar o  
24 rexeitamento á propia UE que medrou nos últimos tempos.

### 25 **2.4.1. Contra a involución democrática e polos dereitos dos pobos**

26 A actuación da UE diante dos procesos de liberación nacional no seu seo mostra  
27 claramente que manter a integridade dos actuais estados membros é un dos seus  
28 principais obxectivos.

29 O cariz monetario e neoliberal da Unión Europea deixou nestes últimos anos un retroceso  
30 nos dereitos sociais, nos dereitos fundamentais e humanos. A involución democrática foi  
31 evidente, a ofensiva do neofascismo en toda Europa que pasou de ser ameaza a realidade,  
32 a involución en igualdade e as discriminacións, os ataques á liberdade de expresión e o  
33 pluralismo, o vergoñento papel da UE nas sucesivas crises humanitarias (das que a UE é  
34 corresponsábel pola súa política exterior) deixando abandonadas persoas solicitantes de  
35 axuda e refuxio, amosan unha UE cada vez máis deshumanizada e insolidaria, nun  
36 proxecto totalmente fracasado.

## 1 **2.5. Contexto político estatal**

2 A crise causada pola pandemia veu acelerar o proceso de recentralización política e  
3 económica xa en marcha no Estado español durante a crise financeira de 2008,  
4 acrecentando a ofensiva centralizadora e españolizadora por parte de todos os partidos  
5 políticos de ámbito estatal e de todos os poderes do estado, especialmente o xudicial  
6 que asume cada vez máis protagonismo.

7 Tamén se evidenciou a macrocefalia económica de Madrid, como beneficiaria da  
8 aglomeración de recursos do Estado, da estratexia de usar as competencias fiscais á  
9 baixa e concentración de centros de decisión públicos e privados.

10 Os últimos anos puxeron máis en claro a crise do réxime do 78, e que a instauración da  
11 “democracia” se fixo sobre a reconversión dun franquismo que nunca foi derrocado e, por  
12 tanto, permitiu manter os privilexios dunhas elites que se afianzaron na Transición, coa  
13 Coroa como institución nuclear. Isto xustifica o papel desempeñado polos medios de  
14 comunicación do sistema creando un auténtico escudo arredor de Felipe VI, tratando de  
15 salvar a crise da monarquía, e tamén a súa defensa e blindaxe por parte dos poderes  
16 executivo, lexislativo e xudicial para impedir que o descrédito poña en risco esta  
17 institución corrupta.

18 A represión contra o pobo catalán a partir 1 de outubro de 2017, e especialmente a  
19 sentenza do procés, demostra que o actual réxime político ten como elemento nuclear a  
20 unidade do Estado, e este empregará todos os medios que teña ao seu alcance para  
21 impedir que as nacións poidan exercer o dereito de autodeterminación. Non esquezamos  
22 que o actual goberno PSOE - Unidas Podemos se caracteriza por un españolismo  
23 militante e por manter no básico o status quo, tanto no que respecta á concepción do  
24 estado das autonomías como mera descentralización administrativa, como no social.

25 Se algunha vez puido haber dúbida, o último período demostrou que o nacionalismo é  
26 quen de verdade cuestiona o réxime herdado do franquismo e que tamén no  
27 nacionalismo está a garantía da defensa de medidas progresistas para o conxunto da  
28 sociedade.

29 Neste sentido, a recuperación da representación do BNG no Congreso está sendo  
30 determinante para que a Galiza, os nosos problemas e nas nosas demandas estean  
31 presentes nos importantes debates que se están a producir a nivel estatal.

## 32 **2.6. A situación da Galiza**

### 33 **2.6.1. Contexto económico e social**

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 As análises feitas historicamente polo nacionalismo galego, e máis no concreto as  
2 recollidas nas teses da XVI Asemblea Nacional do BNG, están plenamente vixentes na  
3 actualidade. Co obxectivo de non sermos reiterativas mais si de contribuír á  
4 actualización da situación socioeconómica da Galiza, cómpre sinalar que esta vén  
5 determinada no contexto actual pola conxunción de tres crises:

6 a) A dependencia política da Galiza. O réxime do 78 demostrou nestes anos a  
7 incapacidade para resolver os problemas estruturais da Galiza. Ao mesmo tempo,  
8 vimos como se agudizaron as súas consecuencias polo entreguismo de Feijóo e  
9 do Partido Popular na Xunta da Galiza que non só consentiron a estratexia de  
10 recentralización política desenvolvida polos sucesivos gobernos españois senón  
11 que non reclamaron nin conseguiron, en máis dunha década, nin unha soa  
12 competencia nova para a Galiza. A crise da Covid-19 deixou ao descuberto que o  
13 autogoberno galego é apenas unha carta outorgada que pode desaparecer cunha  
14 sinatura no BOE.

15 b) A crise financeira de 2008, da que a clase traballadora e as maiorías sociais  
16 galegas continúan a padecer as súas consecuencias, nomeadamente, o  
17 incremento das desigualdades sociais a través da concentración da riqueza e o  
18 roubo de dereitos.

19 c) A pandemia provocada pola Covid-19, que derivou nun primeiro momento nunha  
20 profunda crise económica que atinxiu o conxunto da sociedade mais que golpeou  
21 con especial dureza as mulleres e a mocidade por seren as que soportan maior  
22 precariedade laboral.

### 23 **2.6.2. Nova composición no Parlamento da Galiza**

24 O 12 de xullo de 2020 tiveron lugar as eleccións ao Parlamento da Galiza marcadas pola  
25 pandemia e nun escenario inédito non só pola crise sanitaria senón pola decisión de  
26 deixar sen efecto unha convocatoria electoral xa publicada.

27 Os resultados electorais deron unha nova maioría absoluta ao Partido Popular, a cuarta  
28 desde 2009. O BNG converteuse en segunda forza política liderando a alternativa de  
29 goberno na Galiza de maneira clara e en ascenso. As autodenominadas forzas do cambio  
30 ficaron sen representación institucional no Parlamento galego e, a diferenza do que  
31 acontece no conxunto do estado e en Europa, a extrema dereita non conta con  
32 representación parlamentaria propia.

### 33 **2.6.3. O falso galeguismo de Feijóo**

34 Desde a mudanza de goberno no Estado español, o Partido Popular na Galiza envólvese  
35 nun falso galeguismo cuxo único obxectivo é instrumentalizar unha confrontación

1 cosmética co Goberno de España, non por razón dun conflito derivado da defensa  
2 coherente dos intereses e dereitos do noso pobo, senón unicamente para alimentar unha  
3 calculada dialéctica partidista PP/PSOE en que a submisión a España nunca se  
4 cuestiona. Utilízase a Galiza como mera coartada para desgastar politicamente o partido  
5 que ostenta o goberno do estado, mais non o estado que anula o país.

### 6 **2.6.4. Un BNG máis forte no social e no electoral**

7 Cun escenario político e electoral cada vez máis volúbel e cambiante, fomos quen de  
8 recuperar e mesmo aumentar a nosa representación institucional e de fortalecer a nosa  
9 base social por tres razóns:

- 10 1) Fomos quen de nos mantermos, colectivamente, coa coherencia precisa e en  
11 circunstancias moi adversas, como unha forza de obediencia exclusivamente  
12 galega sen supeditacións a ningunha outra organización de carácter español,  
13 atendendo o noso principio máis básico que é o da autoorganización do pobo  
14 galego.
- 15 2) Contamos cun proxecto político claro para a Galiza e para as persoas que viven e  
16 traballan no país e fomos capaces de actualizar o noso discurso.
- 17 3) Posuímos unha organización cohesionada e cun liderado claro como principais  
18 fortalezas.

19 E todo isto acontece nun escenario nada favorábel para o nacionalismo galego pola  
20 crecente españolización do contexto político e polo control mediático do Partido Popular,  
21 especialmente a través dos medios de comunicación públicos e concertados.

### 22 **2.6.5. A radiografía da Galiza actual**

23 Ábrese un novo tempo para a Galiza que sitúa o país diante de grandes retos, que  
24 podemos sintetizar nas seguintes cuestións:

- 25 1. Un escenario estatal en que as demais nacións van dar a batalla, con distintas  
26 estratexias, por alcanzaren un novo status político.
- 27 2. O incremento da precariedade e a desigualdade social. A falta de peso das rendas  
28 do traballo na Galiza dentro do PIB e a falta de poder adquisitivo das maiorías  
29 sociais do país mesmo no acceso a bens e servizos básicos eran preocupantes  
30 antes da crise da COVID-19 e son máis logo dela. As dificultades no acceso a  
31 vivenda, a empregos dignos e estábeis, a dificultade para afrontar o pagamento de  
32 servizos básicos como a luz ou gastos extraordinarios frustran a idea de poder  
33 emprender un proxecto de vida autónoma a medio prazo. A sucesión das dúas



- 1 crises económicas, a profunda crise industrial que atinxe o país e as políticas  
2 neoliberais aplicadas durante as últimas décadas fan que a mocidade, por vez  
3 primeira, vaia vivir en peores condicións que as xeracións anteriores xerando unha  
4 enorme frustración individual e colectiva.
- 5 3. A crise demográfica. O peso poboacional da Galiza é cada vez menor no conxunto  
6 do Estado: así, en 2021, vemos como a Galiza volve estar por debaixo dos 2,7  
7 millóns de habitantes cunha poboación en que as persoas maiores de 65 anos  
8 representan xa o 25% do total. O avellentamento poboacional, as sucesivas vagas  
9 migratorias, especialmente xuvenís, e a redución da taxa de natalidade sitúan a  
10 Galiza fronte a unha enorme crise demográfica cuxas consecuencias se fan  
11 especialmente evidentes no interior.
- 12 4. A emerxencia climática. O empeoramento dos incendios forestais, inundacións e  
13 períodos de seca cada vez máis frecuentes, o aumento da temperatura e a suba  
14 do nivel do mar son efectos da mudanza climática no noso país. Fronte a eles, o  
15 Partido Popular, lonxe de procurar un desenvolvemento máis sustentábel continúa  
16 cunha política de fomento do eucalipto e de abandono do monte. Asemade,  
17 continúa ausente na promoción de medios de transporte máis sustentábeis,  
18 impulsou nos últimos anos lexislación coa que se retrocede na protección do noso  
19 litoral ou coa que se eliminan trámites administrativos e as escasas ferramentas  
20 de información e participación pública existentes para así favorecer a instalación  
21 de actividades económicas altamente lesivas para o medio.
- 22 5. Un rol colonial e de espolio cada vez máis acentuado. O escenario é duns sectores  
23 económicos controlados por capital foráneo, cada vez máis opaco mais  
24 explotados coa forza de traballo galega dos que a Galiza non tira ningún rédito nin  
25 ningún beneficio e sobre o que non temos, como consecuencia tamén da política  
26 do PP desde a Xunta da Galiza, ningún control. Para exemplo disto, o sector  
27 enerxético, o sector financeiro e bancario ou mesmo o dos servizos públicos  
28 privatizados: sectores que están a enriquecerse na Galiza, cos nosos recursos, e  
29 están a prexudicar as galegas e os galegos sen que haxa un contrapeso público.
- 30 6. O retroceso nos usos lingüísticos. Os últimos anos agudizouse o proceso de  
31 substitución lingüística e desgaleguización, nomeadamente acentuado entre a  
32 mocidade, como consecuencia das políticas lingüicidas do Partido Popular desde  
33 a Xunta da Galiza, moi especialmente no ámbito educativo.

### 34 3. ESTRATEXIA DO BNG

### 1 3.1 Obxectivos sociais e organizativos

2 O BNG considera que o traballo social debe ser unha das nosas prioridades, xogando a  
3 nosa organización un papel dinamizador da sociedade e acompañando as loitas sociais.  
4 Crear unha dinámica propia que dea resposta ás demandas e á realidade do pobo galego  
5 é un desafío que temos que afrontar como unha parte máis do noso traballo político.

6 Como organización política que encarna os intereses das clases populares e as  
7 aspiracións colectivas do pobo galego, o BNG sempre situou como prioritario o traballo  
8 no seo da sociedade, entendendo que o labor institucional ten de estar directamente en  
9 relación co labor social desenvolvido. O nacionalismo fortalécese e fortalece a  
10 conciencia nacional cun traballo combinado e coordinado nas institucións e no seo da  
11 sociedade galega. O obxectivo debe ser gañar presenza e influencia para avanzar de  
12 maneira decisiva na articulación social, en chave de autoorganización.

13 Nese sentido é chave promover a autoorganización da sociedade galega en todos os  
14 ámbitos e traballar para contribuír a estruturala de forma organizada en toda a súa  
15 ampla diversidade, porque ter unha sociedade articulada, forte e autoorganizada é un  
16 obxectivo en si mesmo.

17 Se historicamente concibimos desta maneira o noso papel de intervención social, é  
18 especialmente importante telo presente nun contexto de crise social e económica como  
19 o que estamos a vivir e que, con certeza, se agudizará nos próximos tempos. O BNG debe  
20 esforzarse por recoller e impulsar o descontento social crecente con análises adecuadas  
21 e fornecendo alternativas desde unha perspectiva nacionalista.

22 É fundamental o papel de liderado do nacionalismo para conseguir que a conflitividade  
23 social e o descontento se traduzan en máis organización e máis conciencia. Se non o  
24 fixermos así, córrese o risco de que derive en frustración ou en posicións formalmente  
25 'antipolíticas', o que, sen dúbida, favorece a desmobilización social e alimenta as forzas  
26 que apostan por manter o réxime.

27 Debemos, pois, continuar a promover a mobilización social e a organización do noso  
28 pobo, evitando a dispersión e a marxinalización das mobilizacións. Incrementar a  
29 intervención política e social é fundamental para unha forza política que ten como  
30 obxectivo a transformación real, estrutural, da sociedade galega. Para iso, e para alén  
31 dos conflitos de carácter xeral e dimensión nacional, é preciso planificar a acción política  
32 a nivel local e comarcal para o impulso de loitas e iniciativas sociais aí onde non existan  
33 movementos organizados, e colaborar no reforzo dos que existiren. En todo o caso,  
34 procurando sempre que as loitas e iniciativas locais se doten de marcos de coordinación  
35 e de visión nacional.

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 Aliás, desde a plena consciencia de que a autoorganización da sociedade galega é a  
2 base para o noso país poder avanzar no camiño da liberdade, marcamos como obxectivo  
3 fundamental continuar impulsando a articulación soberana da sociedade galega. Nese  
4 sentido, a militancia do BNG ten de continuar a traballar para verificar obxectivos  
5 definidos e alcanzábeis, como os recollidos na Estratexia Avanza Galiza, na liña de  
6 reforzar as ferramentas organizativas que nos permitan axir como nación.

7 Para garantir que o nacionalismo avanza en todos os ámbitos, é fundamental alargar a  
8 capacidade de intervención e influencia social. Para iso, é chave consolidar o proceso de  
9 crecemento e expansión organizativa do BNG, incorporando máis pobo á nosa causa e  
10 dotando a militancia -especialmente as novas incorporacións- de todas as ferramentas  
11 formativas, argumentais, políticas e ideolóxicas que lle permitan ser máis eficaz no seu  
12 traballo de activismo social. Mais tamén, elaborar estratexias específicas dirixidas a  
13 interpelar e gañar apoios en sectores sociais en que até agora a mensaxe do  
14 nacionalismo chegou con máis dificultade (persoas migrantes, mundo do deporte,  
15 persoas autónomas...) e para reforzala noutros (feminismo e defensa da igualdade,  
16 mundo laboral...).

17 Con este mesmo obxectivo, será necesario impulsar fórmulas de coordinación entre as  
18 diferentes organizacións do movemento nacionalista para elaborar diagnósticos e  
19 despregar estratexias comúns que posibiliten o avance do noso proxecto político a nivel  
20 social, e concretizando a proposta de Anel Nacionalista que temos aprobado  
21 previamente.

22 Especialmente relevante é fortalecer a presenza organizada da mocidade e coidar as  
23 propostas, quer políticas quer organizativas, que se dirixen a mozos e mozas, colocando  
24 de forma permanente na axenda política do BNG os problemas da mocidade galega. É  
25 constatábel a importante corrente de simpatía que o BNG ten entre a xente moza, que  
26 supón un inmenso potencial político, e que debe transformarse en máis activismo  
27 organizado en Galiza Nova.

28 Dentro do traballo social a desenvolver, a defensa da nosa lingua e da súa normalización  
29 social debe facer parte permanente e relevante do traballo político do BNG, na medida en  
30 que se trata de un dereito básico e se torna un elemento esencial de conciencia social  
31 galega. Nese sentido, debemos impulsar un discurso de defensa da lingua baseado na  
32 autoestima colectiva, a defensa dos bens comúns e do patrimonio fronte á  
33 uniformización globalizadora. Unha lingua con pasado, presente e futuro, útil e necesaria  
34 para todos os espazos da vida.

35 Aliás, na liña do xa marcado en anteriores asembleas, é preciso asumir  
36 consecuentemente a dimensión internacional da nosa lingua, potenciando os vínculos

1 coa lusofonía a todos os niveis, e promovendo un modelo de lingua coherente con iso. O  
2 horizonte é o da plena normalización e a hexemonía social do noso idioma.

### 3 **3. 2. Fortalecer a presenza municipal e gobernar nos concellos**

4 O BNG ten demostrado que é quen de construír proxectos municipais innovadores que se  
5 conforman, co paso do tempo, en referencias tanto a nivel nacional coma internacional.  
6 Proxectos municipais asentados nas necesidades e potencialidades do noso país que  
7 marcan a diferenza e outorgan identidade propia aos concellos do BNG.

8 Xa que logo, termos a preparación necesaria para incrementar a presenza do BNG nos  
9 concellos e, como consecuencia, o número de gobernos, debe ser unha prioridade no  
10 escenario político que temos por diante. Un BNG forte e activo, tanto nos concellos en  
11 que gobernamos como nos que somos oposición, supón unha chave fundamental para  
12 ampliar a nosa base social, transformar os concellos e consolidar a alternativa política  
13 nacionalista.

14 O traballo da nosa organización para ampliar a presenza do BNG nos concellos debe  
15 afincarse pois nestes dous eixos de traballo. Por unha banda, afondar no traballo social e  
16 no activismo militante como garantía para a implantación territorial e social do  
17 nacionalismo. Por outra parte, acadar un avance da representación institucional do BNG  
18 que contribúa tanto a levar adiante transformacións positivas nos concellos como a  
19 incrementar as nosas alternativas e estar en disposición de liderar este país.

20 É por isto que, como organización política nacionalista, non podemos asumir como  
21 propia a dialéctica proxecto nacional/proxecto local. Moi ao contrario, o traballo político  
22 e social do BNG nos concellos debe ser parte central da estratexia de incremento de  
23 conciencia nacional. Unha estratexia en que, aínda que cómpre sermos conscientes das  
24 especificidades propias de cada unha das localidades e a importancia de elaborar un  
25 proxecto local, é ao tempo fundamental exercela con criterios e principios políticos  
26 nacionais claros e coherentes. O impulso da Rede de concellos nacionalistas deberá  
27 servir como instrumento para efectivizar e visibilizar a estratexia nacional e establecer  
28 liñas de traballo, cooperación e colaboración estabéis entre os concellos gobernados  
29 polo BNG.

30 Os concellos do BNG non poden ficar ancorados nun labor rutineiro e/ou homologábel ao  
31 dos partidos do sistema. Móvennos principios e valores diferentes que constrúen  
32 concellos distintos. E é por isto que valores como a democracia real, o carácter  
33 vangardista do noso proxecto político ou a coherencia cos principios do nacionalismo  
34 deben estar presentes en cada unha das nosas actuacións tanto no goberno como na  
35 oposición.

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 Estas actuacións debemos enmarcalas en liñas de traballo como as que seguen:

2 • A defensa, recuperación e potenciación dos sinais nacionais da Galiza,  
3 (nomeadamente a lingua, cultura, patrimonio material e inmaterial, símbolos....).

4 • A optimización dos recursos públicos e a xestión eficiente, eliminando o malgasto,  
5 a chapuza, as obras e programacións megalómanas ou a laxitude na eficiencia da  
6 xestión pública.

7 • A aposta por un modelo de relación coa sociedade baseado na equidade, que  
8 erradique calquera tipo de favoritismo e/ou discriminación baseada en afinidades,  
9 tradicións ou supostos privilexios adquiridos.

10 • A promoción da igualdade de xénero.

11 • A defensa dos dereitos e liberdades das persoas lesbianas, gais, trans, bisexuais e  
12 intersexuais (LGTBI).

13 • A igualdade no acceso aos servizos públicos municipais para todos os sectores  
14 sociais con independencia da súa idade, condición física e psicolóxica, renda e  
15 nivel de estudos.

16 • A defensa, promoción e aproveitamento sustentábel dos nosos recursos  
17 ambientais, naturais e produtivos: a terra, o monte, os ríos, os humidais, as rías, o  
18 mar.

19 • A defensa e posta en práctica dos principios democráticos máis avanzados:  
20 dereitos colectivos e individuais, participación social, laicismo.

21 • A defensa da capacidade da administración pública para prestar servizos e  
22 mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas. O BNG defende a xestión  
23 directa da administración e dos servizos públicos como a fórmula que mellor  
24 garante o funcionamento con criterios de calidade e interese público. En  
25 consecuencia, conscientes das dificultades impostas coa intención de privilexiar a  
26 xestión contratada a empresas privadas, pularase pola recuperación directa dos  
27 servizos públicos privatizados. Neste sentido, é tamén fundamental loitar contra  
28 as medidas económicas e legais que dificultan a capacidade dos concellos para a  
29 implantación deste modelo.

30 Aínda que estas liñas de traballo constitúen a concreción de principios políticos  
31 estratéxicos para o BNG como a soberanía nacional, a democracia, a xustiza social, o  
32 ecoloxismo ou o feminismo, é importante termos claro que a coherencia e o respecto  
33 para con estes principios políticos non pode levarnos a unha transposición acrítica,

1 descontextualizada e abstracta do noso labor e discurso políticos nos concellos. O  
2 traballo político municipal do BNG debe conxugar estes principios e valores coa súa  
3 adaptación á realidade concreta de cada concello. Un traballo de concreción e  
4 adaptación que fuxa ao tempo do localismo e da mímese acrítica que suporía obviar as  
5 especificidades de cada localidade.

### 6 **3.3. A preparación para as municipais 2023**

7 Afrontamos as vindeiras eleccións municipais do ano 2023 nun escenario con grandes  
8 potencialidades para o BNG. Un reto ao que o BNG se achega como unha alternativa  
9 política fortalecida a nivel nacional, cunha organización cohesionada e cun incremento  
10 importante da militancia.

11 Neste contexto, os concellos do BNG son percibidos como unha referencia fundamental  
12 do que o BNG consegue cando ten responsabilidades de goberno. Mais estas fortalezas  
13 non deben facernos obviar aspectos en que é importante intensificar o traballo político e  
14 organizativo, como a necesidade de fortalecer o proxecto do BNG, especialmente en  
15 ámbitos urbanos e en comarcas en que temos debilidades organizativas, ou o impulso do  
16 traballo militante e da mobilización social.

17 As eleccións municipais do 2023 serán, ademais dunha oportunidade histórica para  
18 incrementar a presenza do BNG nos concellos e transformar o noso país desde a base,  
19 un soporte fundamental para acadar unha alternativa política do BNG capaz liderar o  
20 futuro da Galiza.

### 21 **3.4. A actuación do BNG no Parlamento Europeo**

22 O BNG considera prioritaria a presenza e actuación nos lugares onde se toman decisións  
23 que afecten a Galiza. A presenza do BNG no Parlamento Europeo e, en xeral, na  
24 interlocución coas institucións europeas como a Comisión e o Consello, é a única  
25 garantía real e efectiva da defensa directa dos intereses da nosa nación fronte a un  
26 modelo europeo que é contrario aos nosos intereses como pobo. A nosa presenza  
27 demostrou claramente en moitas cuestións transcendentais que a representación do  
28 BNG nas institucións europeas é beneficiosa para o conxunto da sociedade galega.

29 A volta ao escano en 2022 vai ser unha nova oportunidade de servir o país e actuar con  
30 eficacia e por nós mesmas na defensa da Galiza no Parlamento Europeo, atendendo o  
31 novo tempo político en que está o BNG, que precisa de ter interlocución directa cos  
32 decisores comunitarios, ante a ausencia manifesta de defensa dos intereses galegos da  
33 UE, da Xunta e do Goberno do Estado. O principal reto desta etapa é a necesidade de  
34 combinar un discurso crítico e claro coa UE así como da súa negación das nacións sen

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 estado, coa demostración da utilidade da presenza do BNG na Eurocámara como caixa  
2 de resonancia para diversos sectores da Galiza.

3 O BNG considera necesaria, imprescindible e eficaz a presenza do BNG no Parlamento  
4 Europeo tanto polo recoñecemento da Galiza como nación e defensa da súa soberanía  
5 como pola presenza directa, sen intermediarios, perante as institucións europeas. Crítico  
6 cunha Unión Europea que defende un modelo antisocial, neoliberal e antidemocrático  
7 exposto na tese política, o BNG considera estratéxica a presenza no Parlamento  
8 Europeo.

9 Os eixos de actuación do BNG na Eurocámara son os seguintes:

- 10 • A defensa da Galiza como nación en Europa e no mundo.
- 11 • A presenza directa sen intermediación.
- 12 • A defensa dos intereses dos nosos sectores produtivos estratéxicos (pesca, agro,  
13 industria, servizos, ...).
- 14 • A defensa da democracia, o pluralismo, os dereitos e liberdades.
- 15 • A xustiza social e a loita contra a exclusión social, a precariedade laboral e vital e  
16 a pobreza.
- 17 • O antifascismo e a Memoria histórica.
- 18 • A loita pola igualdade e o respecto á diversidade en todos os eidos.
- 19 • A loita contra o racismo, a xenofobia e as discriminacións motivadas pola  
20 identidade de xénero, orientación sexual e de calquera outro tipo.
- 21 • A loita contra unha Unión Europea fortaleza que discrimina as persoas refuxiadas.
- 22 • A defensa do territorio, a cohesión territorial, a defensa da natureza e un modelo  
23 sustentábel en infraestruturas, enerxía e transporte.
- 24 • - A defensa dun modelo económico alternativo ao neoliberalismo e á ortodoxia  
25 financeira da UE.
- 26 • A aposta polo internacionalismo e solidariedade e cooperación con outros pobos e  
27 nacións sen estado tecendo alianzas europeas e con outros bloques do mundo na  
28 defensa dunha política multilateral, pacifista, solidaria e antiimperialista

1 (problemas da política comercial dos tratados europeos, OTAN, dereitos dos  
2 Pobos, etc), opóndonos á actual política europea de defensa e seguranza.

3 • A loita pola diversidade cultural, creativa e lingüística.

4 • A defensa do recoñecemento do dereito de autodeterminación en Europa.

5 • A denuncia da natureza antidemocrática sobre a que se asenta a UE e os fins  
6 últimos aos que serve.

### 7 **3.5. A actuación do nacionalismo galego no Congreso**

8 Co labor desenvolvido historicamente no Congreso e no Senado ao longo de varias  
9 décadas, o BNG ten gañado socialmente o crédito e o respecto como organización que  
10 defende os intereses do noso país e das clases populares galegas. Esa percepción social  
11 viuse reforzada desde a recuperación da representación no Congreso no ano 2019 polo  
12 papel desenvolvido, por logros como o Acordo de investidura, que situou a Galiza no  
13 debate estatal e exemplificou a utilidade de termos unha representación coas mans  
14 libres para defender galegas e galegos. Mais tamén, e sobre todo, pola independencia de  
15 criterio con que vimos actuando e a firmeza política cando se trata de pór en primeiro  
16 plano os intereses do pobo galego, como aconteceu co rexeitamento dos  
17 discriminatorios Orzamentos do Estado de 2021.

18 O BNG ten de persistir no labor de trasladar ao Congreso unha liña que denunciará o  
19 papel do goberno PSOE-Podemos como axente que garante a continuidade dos  
20 elementos centrais do réxime do 78, como amosa o incumprimento sistemático dos  
21 compromisos políticos, singularmente o acordo de investidura co BNG. Ademais de  
22 continuar a demandar o cumprimento íntegro destes acordos, o BNG seguirá a traballar,  
23 con disposición ao diálogo e a negociación para conseguir investimentos xustos, que  
24 porá sempre por diante a defensa dos intereses da Galiza e que as institucións do Estado  
25 dean solucións aos problemas do noso pobo. Mais, en todo o caso, mantendo con  
26 coherencia e determinación a defensa dos intereses materiais do pobo traballador  
27 galego.

28 Mais tamén fai parte fundamental do traballo político nas Cortes do Estado a defensa  
29 dos dereitos e das liberdades públicas, frear o proceso de recentralización e reclamar os  
30 dereitos colectivos que como nación nos asisten, desde os máis tácticos e inmediatos -  
31 como a esixencia de que a administración galega asuma todas as competencias  
32 previstas ou o avance na normalización da nosa lingua na administración do Estado- aos  
33 estratéxicos, como o recoñecemento do dereito de autodeterminación.

34 Aliás, nun contexto de crise política do Réxime de 78 e das principais institucións que o  
35 representan, é traballo do BNG pór en evidencia o carácter antidemocrático e corrupto



1 dese réxime e reclamar democracia e respecto polos dereitos sociais e polos dereitos  
2 colectivos dos pobos. Nesa liña, continuaremos pondo o foco no carácter irreformábel do  
3 actual Estado español e no papel reaccionario de institucións como o poder xudicial ou a  
4 monarquía borbónica.

5 Nese labor de exixencia de avances democráticos e de respecto polos dereitos dos  
6 pobos, é preciso reforzar a colaboración coas forzas nacionalistas, soberanistas e  
7 independentistas das outras nacións do Estado e fortalecer unha dinámica de traballo  
8 conxunto que beneficie o avance dos movementos en prol da autodeterminación dos  
9 pobos e, por tanto, da soberanía da Galiza.

### 10 **3.6. Prepararse para gobernar a Xunta da Galiza**

11 Acreditar nas nosas propias forzas, crer no principio de autoorganización do pobo galego  
12 ou ser quen de trasladar a ilusión e a confianza nun proxecto político de principios  
13 sólidos e coherentes, foron algúns dos principais eixos que permitiron ao BNG superar  
14 unha situación crítica e posicionarse nesta altura como a primeira foza da oposición e  
15 alternativa de goberno.

16 Vivimos a día de hoxe un momento histórico sen precedentes. A posibilidade real de que  
17 por primeira vez o nacionalismo galego lidere o futuro deste país obriga a estarmos á  
18 altura das circunstancias que nos corresponde xestionar. A responsabilidade histórica  
19 que temos por diante esixe reparar con intelixencia no papel que lle corresponde ao  
20 nacionalismo galego nestas circunstancias; máis esixe tamén abrir un proceso de  
21 acumulación forzas e preparar a organización para asumir o liderado institucional deste  
22 país.

23 Precisamos sempre, mais moito máis nesta conxuntura, sermos quen de trasladar á  
24 sociedade galega que o BNG é unha alternativa sólida, con capacidade de goberno e con  
25 propostas de futuro centradas nos problemas do noso país. Unha alternativa capaz de  
26 analizar a realidade galega con acerto e que sexa quen de propoñer e implementar  
27 medidas solventes e rigorosas en defensa da nación e das súas maiorías sociais.

28 Exercer un labor de oposición claro e contundente non implica ningunha contradición  
29 con dotar este país de propostas e iniciativas sólidas. Moi ao contrario, unha oposición  
30 propositiva afonda na contundencia e na credibilidade á hora de nos presentarmos  
31 perante a sociedade galega como alternativa de goberno capaz de liderar este país.

32 Neste sentido, o labor de oposición do BNG, nomeadamente no Parlamento Galego -mais  
33 non só- debe ser un labor contundente e firme fronte ao PP, mais ao tempo construtivo  
34 co noso país. Un labor de oposición que confronte coas políticas actuais da Xunta da  
35 Galiza, mais que propoña e ofrezca alternativas. Un labor de oposición que vaia ao

1 choque con vehemencia se for necesario, mais que acade os acordos precisos en  
2 defensa dos intereses do noso país.

3 Sermos a referencia para o futuro deste país require tamén dun proceso de acumulación  
4 de forzas que como organización debemos levar adiante nos vindeiros meses. Un  
5 proceso que permita, por unha banda, enriquecer o proxecto e a alternativa do BNG a  
6 través de contactos cos diferentes sectores económicos, sociais, culturais etc., e que,  
7 pola outra, permita socializar o proxecto do BNG e sumar forzas. Sumar forzas implica  
8 activar a militancia e facela partícipe de que non só é posíbel senón necesario aspirar á  
9 Presidencia da Xunta da Galiza.

10 Neste sentido, a comunicación coa sociedade, o labor de achega e escoita para cos  
11 sectores e axentes sociais, supón tamén un exercicio necesario de preparación do  
12 proxecto político do BNG para asumir o liderado institucional. Despois de moitos anos  
13 de oposición en que o papel do BNG tivo como eixo central a imprescindíbel denuncia e a  
14 resistencia ante as agresións permanentes que está a sufrir a Galiza, as galegas e  
15 galegos depositaron a confianza no BNG para ser a alternativa ao goberno do Partido  
16 Popular. En consecuencia, este novo escenario demanda tamén respostas novas en que  
17 o BNG, á carón da mobilización e a denuncia, debe presentarse tamén ante a sociedade  
18 galega como unha alternativa de goberno transformador e innovador, con capacidade de  
19 xestión e que é quen de mellorar a vida do conxunto da poboación.

20 No tempo que temos por diante precisamos consolidar unha organización preparada,  
21 formada e con confianza nas nosas propias forzas. Unha alternativa firme nos seus  
22 principios e en diálogo permanente co país, acompañada dunha rede de persoas e  
23 axentes colaboradores que acheguen ideas e alternativas no marco do proxecto do BNG  
24 e que compartan a necesidade dun novo rumbo para a Galiza. Unha rede que contribúa a  
25 que o BNG consolide o proxecto ambicioso, rigoroso e vangardista que precisa o pobo  
26 galego.

27 Estamos, por tanto, ante un reto histórico. Un momento chave para o futuro que debe ser  
28 entendido como unha prioridade en dous ámbitos fundamentais. Por unha banda, a  
29 Galiza precisa dun avance do nacionalismo que nos proxecte politicamente no mesmo  
30 nivel que outras nacións do Estado, como Euskadi ou Cataluña. Pola outra, temos que  
31 ser quen de poñer fin a tantos anos de desfeita das políticas do Partido Popular, a tantos  
32 anos de submisión a Madrid para abrir un tempo novo en que poidamos pensar e trazar o  
33 futuro do noso país desde nós mesmas.

### 34 **3.7. Premisas para un goberno do BNG na Xunta**

35 Asumir o reto de gobernar a Xunta da Galiza desde a Presidencia é un obxectivo de  
36 primeira magnitude para o BNG. Trátase dunha oportunidade para reverter décadas de

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 governos nefastos da dereita e pór en marcha un cambio transformador, que poña no  
2 centro a Galiza como suxeito político, que mellore as condicións de vida, os servizos  
3 públicos ou a base produtiva, e que incremente a nosa autoestima colectiva. Obxectivos  
4 verificábeis, mesmo nun marco tan limitado como o autonómico -que nega a nosa  
5 existencia como nación- e nun contexto que implica de seu unha dialéctica entre  
6 principios ideolóxicos e a súa praxe concreta.

7 O espolio enerxético, o roubo do noso aforro, os ataques á nosa lingua e identidade  
8 cultural ou o veto ao desenvolvemento dos nosos sectores produtivos son tan só algúns  
9 dos exemplos recentes de como os partidos de obediencia española empregaron as  
10 institucións galegas, por acción ou por omisión, en contra dos intereses obxectivos do  
11 noso país. Precisamos rachar ese bucle nefasto para as galegas e os galegos. E para  
12 facelo con eficiencia, solidez e ambición, debemos ter presente que gobernar a Xunta da  
13 Galiza é unha oportunidade de cambio transformador, aínda sabendo que a marxe de  
14 actuación e avance dun novo goberno estará condicionada tanto (e en primeiro lugar)  
15 polas propias limitacións do marco autonómico como pola correlación das forzas  
16 políticas que o conforman. Certamente, á hora de establecer os criterios de  
17 conformación dun novo goberno da Xunta, non é o mesmo un escenario en que o BNG se  
18 achegue á maioría absoluta, como forza maioritaria ou minoritaria. Cada un destes  
19 escenarios esixe puntos de partida e respostas diferentes e implica a adaptar decisións  
20 aos equilibrios concretos que se dean en cada circunstancia.

21 Porén, o BNG, como organización nacionalista existe para poñer ao servizo da Galiza  
22 tanto a súa forza política como a súa representación institucional. E nesta lóxica, a  
23 presenza do BNG nun goberno da Xunta ten que servir para pór as institucións de  
24 autogoberno ao servizo dos intereses da Galiza e a xustiza social. O prioritario debe ser  
25 dar resposta ás necesidades e problemas da nosa nación, levando ao límite as  
26 posibilidades do actual marco estatutario e co horizonte de o superar a través da  
27 consecución dun novo status político de nación que blinde a nosa capacidade real de  
28 decidir e nos dote de ferramentas para avanzar e mellorar a vida dos galegos e galegas.  
29 Un goberno en que participe o BNG debe supoñer cambios reais e perceptíbeis para a  
30 sociedade galega. Mudanzas na xestión e modelo dos servizos públicos, na defensa dos  
31 nosos sectores produtivos, dos nosos sinais de identidade, etc. tras décadas de  
32 gobernos da dereita española na Galiza.

33 As décadas de gobernos da dereita española tan só se interromperon en dúas breves  
34 etapas: entre 1987-89 e 2005-2009 polo goberno de coalición PSOE-BNG, unha  
35 experiencia que debemos ollar con atención e da que debemos tirar aprendizaxes  
36 fundamentais para construír o futuro. A presenza do BNG na Xunta deixa enriba da mesa  
37 innegábeis aprendizaxes: dificultades, erros e acertos. Aprendizaxes dun goberno que  
38 trouxo algúns dos avances máis importantes e vangardistas da nosa historia recente,  
39 mais tamén análises das dificultades na xestión, na comunicación e nas relacións de

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 goberno das que tamén é preciso aprender para non repetir os mesmos erros. Asemade,  
2 o papel do BNG en gobernos dos concellos e deputacións ofrece achegas que, sen seren  
3 extrapolábeis de xeito directo a un goberno da Xunta da Galiza, si poden darnos claves  
4 que axuden a establecer criterios básicos.

5 E é, por tanto, neste marco e con estas referencias, que principios básicos como a  
6 democracia real, a defensa dos intereses da Galiza, a necesidade de pór o noso país a  
7 producir, o feminismo, o ecoloxismo, a aposta decidida por abrir unha nova etapa de  
8 avance para a nosa lingua e os sinais de identidade ou respecto polo medio natural  
9 deben ser unha constante.

10 Cómpre aplicar estes principios de xeito claro e coherente. O BNG non pode permitirse  
11 chegar ao goberno sen un proceso de estudo e reflexión fonda das súas propostas  
12 políticas. Un proceso, socializado con axentes especializados e con organizacións de  
13 referencia en cada ámbito, que contribúa no seu momento a iniciar o noso labor de  
14 goberno co rigor e a solvencia que demanda este país.

15 Por este motivo, faise importante que por mandato do Consello Nacional se aborden con  
16 fondura as posibilidades e mecanismos de execución do programa político do BNG.  
17 Trátase de establecer as ideas forza dun goberno que represente un cambio real e  
18 transformador, con obxectivos que sexan verificábeis a curto prazo no marco actual,  
19 mais tamén cun itinerario de obxectivos que necesariamente precisarán superar o  
20 insuficiente marco estatutario actual, sen o cal non é posíbel dotármonos das  
21 ferramentas imprescindíbeis para actuar e solucionar os graves problemas que temos  
22 como nación dependente. Un proceso de achega e retroalimentación cos diferentes  
23 axentes sociais que será importante para fixar os criterios do novo goberno e que  
24 permitirá tamén ao BNG acadar outros obxectivos como enriquecer e dotar de maior  
25 solvencia as propostas do nacionalismo, socializar o proxecto do BNG, acadar  
26 simpatías, sumar forzas arredor do BNG, ampliar a nosa base social ou compartir un  
27 proxecto transformador e innovador para o noso país.

28 Gobernar é priorizar. E unha alternativa de goberno sólida debe establecer prioridades  
29 claras que atinen coas necesidades reais do noso país e que vaian ao cerne dos  
30 problemas que nos afectan como pobo.

31 A acción de goberno do BNG debe, por tanto, establecer prioridades que permitan que a  
32 presenza do BNG determine cambios visíbeis e transformadores na sociedade.  
33 Prioridades que superen tanto o hiperactivismo caótico e inabarcábel como a pasividade  
34 diluínte e propagandística. Prioridades para un proxectos solvente e eficaz que se  
35 constitúa, por riba de todo, como un goberno centrado na defensa do noso país e  
36 actuante nas necesidades reais das galegas e dos galegos.

1 O BNG ten demostrado en diferentes experiencias e institucións que alá onde goberna é  
2 quen de motivar este tipo de mudanzas que melloran de xeito nítido a vida das persoas.  
3 Experiencias que teñen como motivo recorrente tanto a firmeza e a coherencia cos  
4 principios políticos do nacionalismo como a súa adaptación a unha xestión eficiente e  
5 responsábel.

6 E esa debe ser a carta de presentación do BNG ante a sociedade. Un goberno do BNG  
7 garante da defensa dos intereses da Galiza, que acade maiores cotas de autogoberno, un  
8 goberno capaz de defender os sectores produtivos e a xustiza social e un goberno que,  
9 alén disto, sexa quen de facelo cunha xestión responsábel, solvente e eficiente. Unha  
10 forza política que, en definitiva, xere ao tempo ilusión polo proxecto de nación que  
11 representa, confianza e rigor na xestión dos recursos das galegas e dos galegos,  
12 debendo redundar en aumentar o orgullo de sermos galegas e galegos, a confianza nas  
13 nosas propias forzas e na viabilidade da Galiza como nación.

## 14 **TESE DE ORGANIZACIÓN**

### 15 **1. ORGANIZACIÓN**

#### 16 **1. 1. Introducción**

17 O BNG pasou por situacións ben complexas tanto no plano político como organizativo  
18 nos últimos anos. A XVI Asemblea Nacional do BNG ratificou a importancia de  
19 mantermos o modelo frontista e asembleario e hoxe, coa perspectiva que nos dá o tempo  
20 transcorrido, podemos dicir que foi un grande acerto ao tempo que subscribimos a plena  
21 vixencia deste modelo organizativo.

22 Con erros e acertos, somos unha organización que se constrúe día a día coa achega  
23 militante de milleiros de compañeiras e compañeiros en cada recuncho da Galiza. Isto  
24 permitiunos seguir adiante nos peores momentos e mantermos unha organización  
25 sólida, disposta para o traballo político e ideolóxico. Este é o valor máis grande que ten o  
26 BNG e debemos preservalo, coidando a unidade e a cohesión internas.

27 A situación de pandemia mundial provocada pola COVID-19 que sufrimos desde o ano  
28 2020, cambiou as nosas vidas e obrigounos, igualmente, a adaptarnos a este contexto no  
29 plano interno. Con humildade debemos sinalar que conseguimos manter unha  
30 organización viva e activa organicamente, a pesar das dificultades impostas pola  
31 pandemia. Aínda así, é evidente o impacto que esta situación, e as restricións derivadas  
32 dela, tiveron na organización ao limitar os espazos de encontro, reflexión e posta en  
33 común así como ao condicionar o contacto coa nosa base social. Ademais, isto

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 aconteceu nun escenario en que a transformación dos modos de vida xa agravara unha  
2 situación de desmobilización nos movementos e organizacións sociais que tamén nos  
3 afecta. Nesta nova etapa será fundamental adaptar a organización para conseguir  
4 incrementar a capacidade organizativa e de análise, mobilización e resposta colectiva.

5 Neste camiño de seguirmos mellorando o funcionamento organizativo do BNG  
6 detállanse a continuación algunhas das cuestións fundamentais en que debemos  
7 continuar a afondar, procurando non caer en reiteracións e tendo en conta a plena  
8 vixencia das análises e resolucións aprobadas nas teses da XVI Asemblea Nacional.

### 9 1.2. Mellora do funcionamento da organización

10 **a) Funcionamento dos órganos:** a firme aposta do BNG polo assemblearismo ten o seu  
11 correlato no papel decisivo das asembleas comarcais e da Emigración tamén nas  
12 cuestións de ámbito nacional, tal e como definimos colectivamente na XVI Asemblea  
13 Nacional.

14 As asembleas comarcais, locais e da Emigración son órganos de participación  
15 fundamentais na estrutura do BNG, e é necesario garantirmos a súa convocatoria e  
16 periodicidade. Debemos tender á súa desburocratización, buscando sempre facelas  
17 órganos máis vivos e participativos, procurando evitar as xuntanzas rituais e  
18 alimentando a implicación de toda a militancia e da base de simpatizantes. Para isto é  
19 fundamental o papel das persoas responsábeis nos labores de coordinación e  
20 dinamización, que deberán tamén procurar imprimir un ritmo áxil ás reunións.

21 A función das asembleas como espazos de debate e análise é imprescindible, polo que  
22 debemos fomentalo tanto para cuestións de índole nacional como de ámbito comarcal  
23 ou local. As asembleas tomarán coñecemento e debaterán os acordos adoptados polo  
24 Consello Nacional, promovendo ademais a toma de decisións e a formulación de  
25 propostas a elevar a este órgano.

26 Coidar a rede de simpatizantes do BNG, ampliándoa e actualizando os datos cos que  
27 contamos para mellorarmos na comunicación e información que mantemos con ela, é  
28 outra tarefa importante que debemos desenvolver desde as comarcas.

29 Fomentar a cultura militante, combater a desmobilización e adaptar a organización ás  
30 consecuencias da precarización da vida. Somos conscientes de que a transformación da  
31 sociedade, singularmente o empeoramento das condicións materiais de vida da clase  
32 traballadora, teñen un impacto negativo en organizacións coma a nosa, ao reducirse a  
33 capacidade obxectiva de participación de moitas persoas e ao inserírmonos en  
34 dinámicas sociais cada vez máis individualistas e alleas ás dinámicas da militancia  
35 clásica. Fronte a isto, debemos aproveitar esta nova fase para afondar en novos

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 mecanismos de participación e traballo colectivo que nos permitan seguir camiñando no  
2 fortalecemento do asemblearismo e na incorporación activa da militancia.

3 O BNG debe saber manexar en maior medida o inmenso potencial do seu corpo  
4 organizado, do punto de vista analítico e propositivo, mellorando a dinámica e a  
5 funcionalidade dos grupos de traballo nacionais. Na nova fase que se abre, mesmo na  
6 perspectiva dun eventual goberno nacionalista na Xunta, resulta imprescindible  
7 aproveitar toda a intelixencia colectiva que posúe a nosa organización do punto de vista  
8 do enriquecemento programático, mais tamén na articulación de propostas e alternativas  
9 para o seu uso político, social e institucional. O Consello Nacional velará expresamente  
10 para garantir a correcta coordinación e funcionamento dos grupos de traballo nacional,  
11 que poderán utilizar ferramentas dixitais para facilitar a súa participación.  
12 Especificamente, e tendo en conta a dimensión que está a acadar o traballo internacional  
13 do BNG, considérase preciso formalizar un grupo de traballo nacional neste ámbito.

14 **b) Formación e información da militancia:** será obxectivo fundamental aumentar o nivel  
15 de coñecemento da base social organizada no BNG sobre a Galiza (a súa historia e  
16 realidade económica e social), sobre a lingua (usos e corrección), e sobre o nacionalismo  
17 galego, alén doutros elementos máis específicos vinculados a campañas, propostas ou  
18 reivindicacións concretas. Coidar a calidade da lingua tórnase de especial relevancia  
19 para o BNG. Neste sentido, cómpre esforzarse tanto nas comunicacións escritas como  
20 nas da expresión oral, procurando nestas unha prosodia correcta e mesmo un sotaque  
21 acaído, nomeadamente cando se agarde difusión masiva e/ou procedan de cargos  
22 públicos do BNG.

23 Neste sentido, ás ferramentas xa postas en marcha durante este período interasemblemear  
24 (boletín informativo, xornadas de formación de carácter político e técnico etc.) debemos  
25 sumar novas experiencias no eido da formación da base militante do BNG para  
26 implementalas non só no plano nacional senón tamén no comarcal e local alí onde for  
27 posíbel.

28 Fican pendentes de pór en marcha algunhas cuestións aprobadas na XVI Asemblea  
29 Nacional que debemos impulsar colectivamente, incrementando os encontros e/ou  
30 xornadas formativas dirixidas aos cadros políticos e responsábeis orgánicos e  
31 impulsando unha escola de formación de periodicidade, como mínimo, anual, dirixida a  
32 toda a nosa base militante.

33 Cómpre seguir a incrementar o aproveitamento do traballo que desenvolve a Fundación  
34 Galiza Sempre, tanto no plano formativo como analítico e de “laboratorio de ideas”.

35 **c) O importante papel dos cadros políticos e organizativos do BNG e da mocidade:**

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 Responsábeis locais e comarcais posúen unha importancia fulcral no funcionamento e  
2 dinamismo da nosa organización. Unha política de formación específica e de obtención  
3 de novos cadros para a estrutura territorial do BNG resultan vitais para o funcionamento  
4 orgánico diario e garantía de viabilidade futura do proxecto nacionalista.

5 Un obxectivo que non debemos descoidar nunca é o do relevo xeracional ordenado.  
6 Debemos detectar entre a mocidade compañeiras e compañeiros con capacidade e  
7 potencialidade, procurando, se se deren as circunstancias persoais que o fagan posíbel,  
8 que asuman responsabilidades políticas e organizativas. Isto é importante en todos os  
9 ámbitos, mais éo especialmente nos planos comarcal e local, onde debemos facer un  
10 esforzo colectivo por integrar a militancia xuvenil do BNG nos órganos de dirección.  
11 Neste sentido, Galiza Nova, como organización xuvenil do BNG, xoga un papel  
12 fundamental e contará sempre co apoio da fronte no desenvolvemento de traballo  
13 político entre a mocidade así como para a súa expansión territorial.

14 **d) Finanzas:** o compromiso militante permitiunos desenvolver nos últimos anos un  
15 importante número de campañas ao tempo que mantiñamos unha política de contención  
16 do gasto, demostrando, máis unha vez, que o BNG é unha organización feita coas nosas  
17 propias mans, un valor que debemos preservar. Ademais, a experiencia ten demostrado  
18 que nas campañas inflúen numerosos factores políticos e sociais e o simple feito de  
19 realizar un maior gasto non é garantía de éxito.

20 Neste sentido, debemos ter presente a importancia de sistematizarmos e mellorarmos  
21 todo o que atinxe á contribución financeira da militancia, simpatizantes e cargos  
22 institucionais do BNG, así como mellorar no que atinxe a outros métodos de  
23 financiamento (venda de lotaría, impulso á loxa do BNG etc.) ou busca de novas fórmulas  
24 de financiamento.

25 Na procura dun BNG autofinanciado e sen dependencias externas que puideren  
26 comprometer a viabilidade da organización, será obxectivo para o ano 2022 liberar o BNG  
27 de toda débeda, consolidando, así, o proceso de saneamento financeiro acadado con  
28 éxito durante este período co contributo do conxunto da organización.

29 **e) Unha actuación proactiva para fomentar a participación das mulleres:** aínda sendo o  
30 BNG unha organización cunha grande implicación de compañeiras nos órganos de  
31 dirección a todos os niveis, debemos ter presente que as mulleres do BNG non deixan de  
32 padecer as dificultades impostas polo patriarcado.

33 Isto, ao igual que noutros ámbitos da vida, é un obstáculo para a participación das  
34 mulleres no seo da nosa organización. Será tarefa en que debemos implicarnos todas e  
35 todos colectivamente, fixando esta cuestión como un obxectivo político central e



1 traballando proactivamente para facilitar e fomentar a participación das compañeiras no  
2 seo do BNG.

### 3 **1.3. Integración da nova militancia**

4 Nos últimos anos tense avanzado no que á definición do protocolo de integración da  
5 nova militancia se refire. Con todo, cómpre seguir mellorando neste sentido, dando  
6 pautas de como debe desenvolverse unha correcta benvida á organización e editando  
7 novos materiais que, dunha maneira sinxela e didáctica, permitan á nova militancia  
8 familiarizarse co funcionamento interno do BNG a todos os niveis, así como coñecer a  
9 Carta de principios políticos, ideolóxicos e valores do BNG.

10 O arroupe á nova militancia, asignando e incorporando as novas compañeiras e  
11 compañeiros aos ámbitos de actuación máis acaídos aos seus coñecemento, gustos ou  
12 preferencias, debe formar parte deste protocolo de integración do BNG.

13 Da mesma maneira, debemos ter presente que, por diversas circunstancias, poden darse  
14 diferentes graos de implicación entre a nosa militancia. Como organización debemos dar  
15 resposta a estas situacións, mantendo o contacto directo coa militancia de maneira que  
16 poidamos contrastar cal é a forma de implicación máis acaída a cada perfil. Conseguir  
17 que as persoas que non participen nos órganos de dirección nin poidan asistir  
18 habitualmente ás xuntanzas assemblearias ou a actos da organización (algo que, por  
19 razóns horarias e de conciliación, acontece en maior medida no caso das mulleres) teñan  
20 espazos de debate e de acción política será unha prioridade para a organización. Neste  
21 sentido, en cada ámbito organizativo debemos determinar horarios, alternancia de días e  
22 horas, rotación dos lugares de realización de actos e xuntanzas..., buscando sempre  
23 facilitar a participación e a asistencia da militancia e simpatizantes.

### 24 **1.4. Aumento da implantación territorial**

25 O establecemento de obxectivos territorializados de incremento da militancia e  
26 simpatizantes nos ámbitos comarcal, local e da Emigración ten dado resultados moi  
27 positivos. Debemos intensificar este traballo, continuando a ampliar a implantación  
28 organizativa territorial, atendendo tamén as comarcas galegas fóra dos lindes  
29 administrativos actuais da Galiza. A respecto disto, é fundamental que desde as  
30 comarcas e localidades realicemos un seguimento periódico da incorporación de nova  
31 militancia e da súa integración real na organización.

32 Coa vista posta nas vindeiras Eleccións Municipais, cómpre termos presente a  
33 importancia de aumentarmos os contactos, de maneira que redunde nun maior número  
34 de candidaturas do BNG que deberan ser xermolo de novas asembleas locais e servir  
35 para fortalecer as xa constituídas. Tendo en conta isto, será obxectivo prioritario no

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 vindeiro período a expansión territorial coa creación de novas asembleas locais así como  
2 o reforzamento e consolidación das existentes, poñendo tamén atención na organización  
3 xuvenil.

4 Así mesmo, os cargos institucionais do BNG deben prestar maior atención a esta tarefa  
5 de ampliación da nosa base militante fixándoa como un obxectivo prioritario, vital para o  
6 futuro do nacionalismo.

7 1.5. Proposta de supresión do artigo 14.7 dos “Principios organizativos e normas de  
8 funcionamento do BNG” (Estabelécese un límite de tres mandatos consecutivos na  
9 mesma función, tanto no que atinxe a responsábeis orgánicos como institucionais),  
10 atendendo a que esta cuestión está regulada xa no artigo 14.5.

### 11 **1.6. Unha organización máis ecoloxista.**

12 O BNG tense definido sempre como ecoloxista, unha loita que está no ADN do  
13 nacionalismo galego, e que sempre temos presente entre os nosos principios e praxe  
14 política.

15 Por iso, fronte á emerxencia climática e ambiental que estamos a vivir e os intentos  
16 descarados do sistema de vestir o “traxe verde” é importante que como organización  
17 defendamos, en todos os ámbitos en que temos presenza, a necesidade dun cambio de  
18 rumbo que permita un futuro diferente, soberano e sustentábel no noso país.

19 Así, o BNG impulsará no vindeiro período, entre outras, as seguintes actuacións:

- 20 1. Aplicación do “principio de non plásticos” no ámbito organizativo.
- 21 2. Sinatura dunha Carta de deberes ambientais dos cargos públicos do BNG.
- 22 3. Sinatura de Cartas de actuación en materia ambiental a nivel institucional alí onde  
23 gobernamos.
- 24 4. Impulso de encontros nacionais de carácter formativo con temática ambiental e  
25 de relación co territorio.
- 26 5. Impulso e participación nos movementos ambientais tanto a nivel nacional como  
27 comarcais.

### 28 **1.7. Construír unha organización máis feminista**

29 Na súa carta de principios, así como na súa acción e programas políticos, o BNG asume  
30 o feminismo como ferramenta para superar o heteropatriarcado e combater toda forma

1 de violencia. Esta asunción forma parte tamén dos principios que deben rexer a dinámica  
2 interna da organización. Porén, é evidente que da mesma forma que o patriarcado como  
3 sistema de dominación é producido e reproducido pola sociedade, na nosa organización  
4 tamén se reproducen, colectiva e individualmente, prácticas patriarcais que deben ser  
5 identificadas, corrixidas e combatidas. É necesario, por tanto, establecer medidas  
6 encamiñadas a construír unha organización máis feminista no seu día a día.

### 7 **1.7.1. Dinámicas organizativas con perspectiva de xénero**

8 É necesario avanzar na incorporación da perspectiva de xénero de forma transversal en  
9 todas as dinámicas da organización (mainstreaming) e incorporar novas prácticas  
10 organizativas e procesos de formación continua, teórica e práctica, que contribúan a que  
11 o conxunto da organización sexa máis consciente das consecuencias que o sistema  
12 patriarcal ten na nosa vida organizativa e política e avancemos así na erradicación das  
13 desigualdades e discriminacións que se perpetúan contra mulleres, persoas LGTBI, así  
14 como calquera outra identidade de xénero ou sexual que non se conforme aos padróns  
15 heteronormativos.

16 Traballarase nas seguintes liñas de actuación:

- 17 • Fomentar a transversalidade de xénero e a formación continua.
- 18 • Formar a militancia na prevención e identificación de violencias machistas así  
19 como nas actuacións a poñer en marcha ao respecto.
- 20 • Fomentar dinámicas nos espazos de traballo que superen a influencia do  
21 patriarcado e contribúan a unha maior participación nos debates e á resolución  
22 de conflitos.
- 23 • Dar prioridade á axenda feminista no debate interno e na práctica política
- 24 • Fomentar unha distribución racional dos tempos e o reparto das tarefas  
25 militantes.

### 26 **1.7.2. (Auto)identificar e intervir nos privilexios da masculinidade hexemónica**

27 As persoas que facemos parte do BNG vivimos a nosa socialización nun sistema  
28 patriarcal e, por iso, calquera de nós somos susceptíbeis de termos comportamentos  
29 patriarcais no noso activismo cotián. Porén, é evidente que as persoas que desenvolven  
30 o seu día a día co rol social masculino están nunha posición privilexiada. Por tanto, é  
31 necesario un esforzo propio por parte dos compañeiros para revisaren a súa forma de  
32 traballar como vía para detectar e corrixir prácticas de dominación que están

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

1 naturalizadas e invisibilizadas na sociedade e que repercuten negativamente nas  
2 dinámicas das organizacións mixtas. Entre outras medidas, no vindeiro período:

3 • Desenvolverase un manual interno de formación e detección de micromachismos,  
4 condutas sexistas e violencias invisibilizadas e simbólicas con exemplos  
5 concretos. Este manual achegarase a toda a militancia e novas incorporacións e  
6 singularmente aos organismos comarcais e locais de dirección.

7 • Programaranse actividades formativas dirixidas á militancia masculina para  
8 detectar e intervir sobre prácticas que perpetúan as dinámicas patriarcais.

9 • No marco da formación dirixida aos cadros políticos, responsábeis orgánicos e  
10 persoal liberado, incluíranse cuestións específicas para detectar e evitar condutas  
11 machistas no desenvolvemento do traballo político.

### 12 **1.7.3. Favorecer unha maior participación das mulleres**

13 Como organización política temos que asumir a eiva estrutural que temos para favorecer  
14 unha maior participación das mulleres. A pesar da existencia de liderados importantes  
15 da organización protagonizados por compañeiras, existe unha desigual participación e  
16 representación, agravada nalgúns territorios e ámbitos de participación. Esta situación  
17 non é nova, mais é fácil prever que a maior incidencia das consecuencias  
18 socioeconómicas da pandemia sobre as mulleres dificultará máis a participación política  
19 activa. Por tanto, é urxente afrontar con maior constancia e seguimento a análise das  
20 circunstancias que afectan a participación das mulleres e arbitrar medidas. Son  
21 obxectivos do vindeiro período o incremento do número de mulleres militantes así como  
22 o incremento da participación nos organismos de participación e dirección. Entre outras  
23 medidas:

24 • Terase en conta unha maior atención á desigualdade existente na sociedade  
25 canto ao uso dos tempos e a distribución dos traballos non remunerados para a  
26 fixación dos horarios e frecuencias das reunións.

27 • Realizaranse talleres de apoderamento.

28 • No marco da formación ao persoal liberado atenderase á formación e  
29 estratexias neste ámbito.

30 • Farase un informe anual da evolución da afiliación e da participación dos  
31 organismos de dirección e asembleas locais e comarcais que será monitorizado  
32 desde as áreas nacionais de organización e acción feminista de cara a  
33 establecer pautas concretas de actuación.

#### 1 **1.7.4. Cadro de persoal do BNG**

2 Elaborarase e aprobarase, de acordo coa representación legal dos e das traballadoras, un  
3 Plan de Igualdade e un Protocolo de prevención e procedemento de actuación nos casos  
4 de denuncia por acoso laboral, sexual e/ou por razón de xénero.

### 5 **2. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE VIOLENCIAS MACHISTAS**

#### 6 **2.1. Introducción**

7 O machismo e as violencias machistas atravesan a sociedade e tamén as organizacións  
8 sociais e políticas transformadoras, que deben actuar para previlas, atendelas e  
9 erradicalas. No camiño para construír unha nova Galiza libre de violencias machistas a  
10 XVII Asemblea Nacional do BNG, no marco doutras medidas, dótase tamén desta  
11 ferramenta co obxectivo de establecer un itinerario claro, garantista e útil na actuación  
12 diante de violencias machistas no seo da organización que complemente os  
13 mecanismos xa existentes e contribúa na construción dunha organización sen  
14 desigualdades nin violencias. Este protocolo é independente das accións xudiciais que  
15 as persoas afectadas puideren emprender.

#### 16 **2. 2. Actuacións de difusión e seguimento**

17 2.2.1. Após a súa aprobación, alén da súa difusión coas teses políticas e organizativas  
18 da XVII Asemblea Nacional, o protocolo será enviado de forma singular a cada militante  
19 do BNG e será informado e explicado nas asembleas comarcais. Así mesmo, estará  
20 dispoñíbel na páxina web e formará parte da información básica no proceso de afiliación,  
21 recordándose periodicamente nos organismos de participación e nas comunicacións  
22 internas.

23 2.2.2. A Executiva Nacional velará pola súa difusión e o seu seguimento formará parte  
24 dos informes de xestión elaborados pola dirección.

#### 25 **2.3. Principios xerais comúns ao procedemento**

- 26 • A protección e o benestar da vítima así como o respecto á súa intimidade e  
27 vontade guiarán a aplicación do protocolo.
- 28 • A imparcialidade e a procura da obxectividade e dun trato xusto ás persoas  
29 implicadas guiarán o procedemento.
- 30 • A celeridade e a dilixencia na aplicación do procedemento.

## RELATORIO DA XVII ASEMBLEA NACIONAL

- 1       • A reparación da persoa agredida e a actuación para avanzar no camiño de atender  
2       e erradicar a violencia machista.

### 3   **2.4. Órgano instrutor cualificado**

4   O órgano instrutor cualificado é a Comisión de Garantías.

### 5   **2.5. Acompañamento**

6   A vítima dunha agresión machista no seo da organización poderá solicitar  
7   acompañamento durante o proceso de denuncia e posterior dunha persoa da súa  
8   confianza.

### 9   **2.6. Información e atención á vítima**

10   Garantírase a información á vítima dos servizos externos á organización (psicolóxicos,  
11   xurídicos, médicos, sociais) dos que pode dispoñer.

12   A organización velará para facilitar á vítima toda a atención profesional que precisar  
13   tomando as medidas necesarias de apoio.

### 14   **2.7. Ámbito de aplicación**

15   Este protocolo é de aplicación a calquera militante da organización con ocasión da súa  
16   participación en actos de agresións machistas.

### 17   **2.8. Actuación en caso de denuncia**

18   Calquera das persoas que entren dentro do ámbito de aplicación deste protocolo, que  
19   considere que é ou foi vítima dunha agresión machista no seo da organización, poderá  
20   presentar denuncia perante a Comisión de Garantías mediante un escrito dirixido a un  
21   correo electrónico específico ou de forma verbal entrevistándose persoalmente con  
22   calquera das persoas que formaren parte dela.

23   A denuncia deberá conter información suficiente sobre os feitos denunciados (persoas  
24   implicadas, feitos, lugar, data, testemuñas, etc...) que sirvan para desenvolver e concluír o  
25   procedemento.

26   No caso de denuncia por agresión machista perante calquera órgano administrativo ou  
27   xudicial, a algunha das persoas mencionadas no ámbito de aplicación deste protocolo,  
28   procederá de forma inmediata á suspensión provisoria de militancia á espera da  
29   resolución final da instancia que corresponder.

## 1 **2.9. Inicio do procedemento**

2 Unha vez recibida a denuncia polo órgano, o órgano instrutor á vista dos feitos  
3 denunciados pode adoptar algunha das seguintes decisións:

4 a) Solicitar ampliación ou aclaración dos feitos, para o que no prazo máximo de 7  
5 días deberá solicitar esa información á persoa denunciante así como a aquelas  
6 que xulgar necesario.

7 b) Arquivar a denuncia, para o que elaborará un informe detallado xustificando con  
8 argumentos e probas o arquivo da denuncia.

9 c) Incoar un expediente disciplinario.

## 10 **2.10. Procedemento disciplinario**

11 A apertura do expediente disciplinario comunicarase ás persoas interesadas, de forma  
12 fidedigna, por escrito, con indicación da conduta obxecto da apertura do expediente.

13 A persoa obxecto do expediente terá un prazo de mínimo 7 días e máximo 15 días para  
14 alegar o que considere conveniente e achegar cantas probas estimar oportuno; en caso  
15 de necesitar un período de práctica de proba, non poderá estenderse por un período  
16 superior a 7 días.

17 Poderanse solicitar entrevistas persoais coas persoas implicadas no procedemento para  
18 mellor esclarecemento dos feitos.

19 No caso de que o órgano instrutor o considerar necesario poderanse adoptar as medidas  
20 provisórias que se estimaren oportunas até a conclusión do procedemento co fin de  
21 garantir a protección dos dereitos da muller e evitar a súa vitimización.

## 22 **2.11. Conclusión do procedemento**

23 No caso de incoación de expediente disciplinario, unha vez rematado o procedemento, o  
24 órgano instrutor elaborará un informe coa proposta de resolución que será trasladado ás  
25 partes interesadas que poderán formular de novo alegacións no prazo máximo de 7 días.

26 Finalizado este trámite, o órgano instrutor elevará a súa proposta de resolución á  
27 Executiva Nacional e ao Consello nacional.

28 No caso de arquivo da denuncia, o informe elaborado trasladaráselle á persoa  
29 denunciante para que no prazo de 10 días formule as alegacións que considere  
30 oportunas.

1 **2.12. Sancións**

2 En función da gravidade dos actos cometidos e do que resulte do informe elaborado, o  
3 órgano instrutor na súa proposta de resolución poderá adoptar a sanción correspondente  
4 conforme aos Estatutos do BNG.

5 **Disposición adicional. Interpretación e desenvolvemento**

6 Este protocolo naquelas cuestións non abranguidas poderá ser interpretado e  
7 desenvolvido polo Consello Nacional por recomendación da Comisión de Garantías, da  
8 área de Acción Feminista e mandato da Executiva Nacional cando o seu  
9 desenvolvemento o precisar.

10 **Modificacións nos Principios organizativos e normas de funcionamento do BNG:**

11 1) Modifícanse os Principios organizativos e normas de funcionamento do BNG  
12 ampliando as funcións da Comisión de Garantías, engadindo un novo apartado d) no  
13 punto 11. Da comisión de Garantías:

14 “d) Instruír o procedemento do Protocolo de actuación en caso de violencias machistas.”

15 2) Modifícase a redacción actual do primeiro parágrafo do punto 11. Da comisión de  
16 garantías, da seguinte maneira:

17 “A Comisión de Garantías é o órgano encargado da defensa e garantía dos dereitos das  
18 persoas afiliadas e de velar polo respecto ás normas de funcionamento do BNG. Os seus  
19 membros serán elixidos polo Consello Nacional entre persoas que non pertenceren ao  
20 propio Consello, dando prioridade a perfís con coñecementos xurídicos e en materia de  
21 igualdade. As propostas do Consello Nacional serán transmitidas ás asembleas  
22 comarcais para seren ratificadas, e estas poden recusar algún membro”.